



II MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	5
2. CONTEXTO E ANTECEDENTES	6
2.1. O SISTEMA GALEGO DE BIBLIOTECAS.....	6
2.1.1. Antecedentes.....	6
2.1.2. Referencias.....	6
2.1.3. Estrutura.....	8
2.1.4. Servizos e instrumentos para a coordinación e a cooperación.....	9
2.2. A REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.....	11
2.2.1. As bibliotecas de xestión autonómica.....	11
2.2.2. As bibliotecas de titularidade e xestión municipal.....	12
2.2.3. As bibliotecas de xestión privada.....	12
2.2.4. GaliciaLe.....	13
2.2.5. Cobertura territorial da Rede de Bibliotecas de Galicia.....	13
2.3. NORMATIVA.....	15
2.3.1. A regulación acerca do Mapa de Bibliotecas de Galicia.....	16
2.4. DIRECTRICES E OUTROS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN. SITUACIÓN COMPARADA EN ESPAÑA	18
2.5. O I MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA	20
3. PROCESO DE ELABORACIÓN.....	21
3.1. CENSO DE BIBLIOTECAS	21
3.2. INDICADORES	23
3.2.1. Recollida de datos. Ficha informativa.....	23
3.3. ESTÁNDARES	25
3.3.1. Fontes primarias.....	25
3.3.2. Fontes secundarias.....	26
3.3.3. Graos de adecuación	27
3.4. APROBACIÓN E PUBLICACIÓN.....	28
4. DESCRICIÓN DOS ESTÁNDARES	29
4.1. COLECCIÓN	29
4.1.1. Total da colección e documentos por habitante.....	29
4.1.2. Fondo en galego	30
4.1.3. Público ao que vai dirixido	31

4.2. DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS	31
4.2.1. Superficie útil.....	31
4.2.2. Postos de lectura.....	32
4.3. DIXITALIZACIÓN.....	33
4.3.1. Postos informatizados.....	33
4.3.2. Dispositivos electrónicos para o préstamo (tabletas, portátiles e lectores de libro electrónico).....	34
4.3.3. Servizos (ofimática, conexión wifi, impresoras e auto préstamo).....	34
4.3.4. Capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias	34
4.4. CONDICIÓN S DE APERTURA.....	35
4.5. RECURSOS HUMANOS.....	36
4.6. FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS Á BIBLIOTECA.....	37
4.7. ACCESIBILIDADE PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	38
4.7.1. Accesos adaptados.....	39
4.7.2. Espazos accesibles	40
4.7.3. Equipamento accesible	41
4.7.4. Colección adaptada para persoas con discapacidade	41
4.7.5. Accións de dinamización específicas para a atención á diversidade ...	42
4.7.6. Persoal con formación específica para a atención ás persoas usuarias con discapacidade.....	43
4.8. ACCIÓN S DE DINAMIZACIÓN PARA A POBOACIÓN.....	44
4.9. SUSTENTABILIDADE	44
4.9.1. Equipamentos e instalacións orientadas a garantir a sustentabilidade ambiental e aforro enerxético	44
4.10. ORZAMENTO.....	45
4.10.1. investimento por habitante	45
5. RESULTADOS	47
5.1. CONSIDERACIÓN S XERAIS	47
5.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS. VISIÓN GLOBAL.....	47
5.3. COLECCIÓN	49
5.3.1. Total da colección.....	49
5.3.2. Fondo dirixido ao público infantil.....	51
5.3.3. Fondo en lingua galega	53
5.4. DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS	55
5.4.1. Superficie útil.....	55
5.4.2. Sala infantil	56
5.4.3. Postos de lectura.....	58

5.5. DIXITALIZACIÓN.....	59
5.5.1. Postos informatizados.....	59
5.5.2. Dispositivos electrónicos para o préstamo	60
5.5.3. Outros servizos dixitais.....	62
5.5.4. Capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias.....	65
5.6. CONDÍCÓNS DE APERTURA.....	66
5.7. RECURSOS HUMANOS.....	68
5.7.1. Cadro de persoal	68
5.7.2. Accións formativas destinadas ao persoal.....	69
5.8. FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS Á BIBLIOTECA	71
5.9. ACCESIBILIDADE PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.....	72
5.9.1. Accesos adaptados	72
5.9.2. Espazos accesibles	74
5.9.3. Equipamento accesible.....	75
5.9.4. Colección adaptada para persoas con discapacidade.....	77
5.9.5. Accións de dinamización específicas para a atención á diversidade....	78
5.9.6. Persoal con formación específica para a atención ás persoas usuarias con discapacidade.....	80
5.10. ACCIÓN S DE DINAMIZACIÓN	81
5.11. EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓN S PARA GARANTIR A SUSTENTABILIDADE E O AFORRO ENERXÉTICO.....	83
5.12. ORZAMENTO.....	84
5.13. RESULTADOS POR CONCELLO.....	86
5.14. OUTROS RESULTADOS DE INTERESE	88
6. OUTROS CONTIDOS DO MAPA	90
6.1. TIPOLOXÍA DAS BIBLIOTECAS ADSCRITAS Á REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA	90
6.2. HORARIO MÍNIMO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.....	91
7. CONCLUSIÓN S E PROPOSTAS	92
8. BIBLIOGRAFÍA.....	92
9. ANEXOS	92

1. PRESENTACIÓN

As bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posíbitase o cumprimento de importantes mandatos constitucionais e estatutarios, como son o acceso de todos e todas á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego.

Este recoñecemento está na base das políticas públicas e da actividade da Administración autonómica en relación coas bibliotecas, partindo da súa máxima expresión legal, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Este texto normativo, co que se tratou de actualizar e sistematizar a regulación sobre a materia, busca tamén responder aos retos de mellora dos servizos bibliotecarios galegos e do patrimonio bibliográfico. Para iso, establece as bases e as estruturas fundamentais para a planificación e o desenvolvemento do Sistema Galego de Bibliotecas, e crea diferentes instrumentos e mecanismos entre os que se atopa o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.

Tal como se recolle no citado texto legal, o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia é o documento que serve como base para a concreción do diagnóstico, dos valores, dos obxectivos, das actuacións e das prioridades da acción pública en materia de servizos públicos bibliotecarios de Galicia. Nel deben identificarse os servizos bibliotecarios dispoñibles e as necesidades de lectura pública; planificarse o tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme os estándares internacionais e comunitarios; e identificarse e propoñerse criterios, obxectivos e prioridades que poidan servir de base para os investimentos e axudas públicas que a consellería competente realice.

En cumprimento da obriga legal, o 19 de maio de 2016 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o I Mapa de bibliotecas públicas de Galicia. Nel recolléronse de forma detallada os servizos bibliotecarios existentes na comunidade autónoma e, logo de fixar os estándares aos que deberían adecuarse en función da poboación á que serven, avaliouuse o seu grao de adecuación e fixéronse propostas de mellora individuais así como orientacións e prioridades más xerais para o conxunto.

As dificultades que a aparición da pandemia do Covid-19 trouxo consigo en 2020, impediron a renovación do Mapa de bibliotecas públicas no prazo de catro anos previsto na lei. Preséntase agora o II Mapa de bibliotecas Públicas de Galicia, co que se trata de actualizar e mellorar este instrumento de planificación, incorporando modificacións relevantes en canto ao censo, aos indicadores estudiados, aos estándares, ao diagnóstico e ás ferramentas para a súa utilización e visibilidade. Con todas estas melloras preténdese ofrecer á cidadanía e ao conxunto de profesionais e institucións responsables dos servizos bibliotecarios un instrumento que resulte atractivo e práctico na súa consulta e, ademais, oportuno e útil para a planificación e deseño de actuacións de progreso.

2. CONTEXTO E ANTECEDENTES

2.1. O SISTEMA GALEGO DE BIBLIOTECAS

2.1.1. Antecedentes

Os sistemas de bibliotecas xorden como consecuencia de circunstancias diversas que conflúen no mundo bibliotecario. En xeral, prodúcese unha constante, especialmente na historia das bibliotecas públicas, segundo a cal nunha primeira fase asistese á creación e posta en marcha das bibliotecas e, superada esa fase, xorde a necesidade de organizarse en sistemas.

Da imposibilidade de satisfacer as necesidades das persoas usuarias de forma individualizada xorde a conciencia de crear mecanismos de traballo en común, que deu lugar ao modelo organizativo do sistema.

Outro factor decisivo para o nacemento deste modelo de organización foi o desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación, que facilitou o acceso e a difusión dunha gran cantidade de información.

Todo isto repercutiu na necesidade de establecer mecanismos de traballo en común para mellorar a oferta de servizos. A consecuencia directa deste proceso é a necesidade de cooperación entre as bibliotecas e as institucións das que dependen.

A cooperación non se limita únicamente aos ámbitos territoriais municipais ou autonómicos senón que inclúe tamén o nivel nacional e mesmo internacional.

Destas premisas no conxunto do Estado e, polo tanto, tamén en Galicia, nace o Sistema Galego de Bibliotecas, conxunto organizado dos servizos bibliotecarios existentes no ámbito xeográfico de Galicia, sexan de titularidade pública ou privada, cuxo obxecto é a prestación ordenada, eficiente e coordinada dunha oferta bibliotecaria diversificada e de calidade para a cidadanía.

O Sistema Galego de Bibliotecas é o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios existentes en Galicia que, mediante relacóns de cooperación e coordinación, actúan en común para proporcionaren servizos bibliotecarios de calidade en beneficio da sociedade galega.

2.1.2. Referencias

Á hora de localizar modelos internacionais válidos para o caso concreto galego, preséntanse algunas dificultades xa que, en xeral, os sistemas bibliotecarios dos países desenvolvidos contan cunhas estruturas bibliotecarias de distinta tradición e desenvolvemento, e tamén hai que ter en conta as diferenzas en canto ás configuracións político administrativas.

Polo que se refire ao ámbito nacional, os sistemas de bibliotecas das comunidades autónomas presentan, en xeral, bastantes similitudes na súa estrutura e organización. A base está formada por un conxunto de bibliotecas de uso público (públicas ou privadas adscritas por convenio) á fronte das cales se atopa unha biblioteca rexional. Nun chanzo intermedio atópanse os servizos bibliotecarios que exercen o papel de coordinadores territoriais das bibliotecas de ámbito territorial inferior.

Tamén é de sinalar que todas as leis de bibliotecas de ámbito autonómico contemplan un Consello de Bibliotecas, cunha misión de carácter consultivo e asesor, e os departamentos autonómicos de Cultura dirixen e planifican o sistema, normalmente a través dun servizo de bibliotecas.

A necesidade de coordinación e cooperación bibliotecaria, así como a organización de sistemas de bibliotecas, queda suficientemente reflectida en diferentes manifestos e pautas de carácter nacional e internacional.

No ámbito europeo destacan:

O *Manifesto da Unesco sobre bibliotecas públicas (1994)*¹, no capítulo referido a fondos, lexislación e redes, di textualmente: [...] para asegurar a coordinación e cooperación bibliotecaria a nivel nacional, os plans estratéxicos e a lexislación deben definir e promover unha rede nacional de bibliotecas baseada en normas aceptadas de servizos. A rede de bibliotecas deberá concibirse en relación coas bibliotecas nacionais, rexionais, especiais e de investigación, así como coas bibliotecas escolares e universitarias.

A *Resolución do Parlamento Europeo do 23 de outubro de 1998*² sobre o papel das bibliotecas públicas na sociedade moderna, sinala que estas institucións revisten unha especial importancia para manter vivas a lingua, a literatura e a cultura propias, para o que existen abundantes posibilidades de cooperación cos museos, os arquivos e os axentes culturais, como escritores e creadores. As *Pautas do Consello de Europa sobre lexislación e política bibliotecaria*³, aprobadas na 68^a Sesión do Consello de Europa, celebrado en xaneiro de 2000 pronúncianse no mesmo sentido.

No ámbito nacional cómpre referirse ás seguintes normas:

A *Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español*, no seu Título VII, regula o réxime xurídico da creación das bibliotecas de titularidade estatal, dos seus edificios e coleccións, do acceso a elas e da súa comunicación e coordinación.

¹https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000112122_spa

²https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/documento/resolucion_do_parlamento_europeo_verbo_o_papel_das_bibliotecas_na_sociedade_moderna.pdf

³https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/documento/pautas_do_consello_de_europa_e_eblida_verbo_da_lexislacion_e_politica_bibliotecaria_en_europa.pdf

O *Real Decreto 582/1989, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Bibliotecas Públicas do estado e do Sistema Español de Bibliotecas*, desenvolve o previsto na Lei de Patrimonio Histórico no relativo ás bibliotecas públicas do Estado.

A *Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas*, prevé a normalización e coordinación da actuación das bibliotecas de titularidade da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos. E o *Real Decreto 1572/2007, do 30 de novembro, polo que se regulan os órganos de coordinación das bibliotecas da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos* desenvolve a Lei da lectura, do libro e das bibliotecas neste punto.

No ámbito autonómico destacan as seguintes:

A *Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas* regulou, por primeira vez, o sistema bibliotecario galego con vontade de coherencia e sistematización das políticas públicas en materia de bibliotecas de Galicia.

A *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia*, dedícallle o artigo 75 ao patrimonio bibliográfico de Galicia, que deu lugar ao desenvolvimento doutras normas regulamentarias que permitiron despregar o Sistema Galego de Bibliotecas.

O *Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas*, unifica nun mesmo texto normativo a regulación existente acerca do sistema de bibliotecas.

Os cambios e tendencias de evolución dos servizos bibliotecarios galegos deu lugar á *Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia*, que os regula.

2.1.3. Estrutura

- a. **O órgano de dirección e coordinación do sistema** é a Secretaría Xeral de Cultura, que se encarga de definir a política bibliotecaria galega, orientada sobre todo cara ás bibliotecas públicas e exerce as funcións de planificación e organización orientadas ao desenvolvemento coordinado dos servizos bibliotecarios, que se plasman no Mapa de bibliotecas.

Outras das súas funcións son a xestión do Rexistro de bibliotecas, recoller, tratar e difundir a información estatística sobre as bibliotecas do sistema e, en xeral, impulsar a coordinación bibliotecaria.

- b. **O órgano de cooperación, asesoramento e participación**, con función de órgano consultivo é o Consello de Cooperación Bibliotecaria. Créase para a articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias en materia de bibliotecas, ten funcións xerais de asesoramento e está formado por representantes dos distintos tipos de bibliotecas ou institucións bibliotecarias da comunidade autónoma.

- c. **A biblioteca central do sistema** é a Biblioteca de Galicia, órgano administrativo adscrito á consellaría competente en materia de bibliotecas, que asume tamén o papel representativo do Sistema Galego de Bibliotecas no exterior, especialmente nos eidos nacionais e internacionais.
- d. **A rede de bibliotecas** é o grupo coordinado de servizos bibliotecarios públicos e privados, que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos.
- e. **Outros servizos bibliotecarios:** as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario, e as bibliotecas especializadas e as bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas.

2.1.4. Servizos e instrumentos para a coordinación e a cooperación

Sen prexuízo do papel que lle corresponde ao Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia como canalizador das iniciativas de participación e colaboración dentro do sistema, pódense destacar unha serie de áreas nas que se plasman distintos mecanismos e instrumentos de cooperación, diferenciando, por un lado, os servizos básicos de apoio á lectura pública, e nun segundo nivel, os de carácter cooperativo, realizados principalmente pola Biblioteca de Galicia. Comezando polos servizos de apoio á lectura cómpre mencionar as seguintes áreas de actuación:

- **Infraestrutura e equipamento.** A Administración autonómica colabora cos concellos para a construcción ou acondicionamento de edificios destinados á instalación de bibliotecas públicas a través de distintos tipos de instrumentos, liñas de axudas públicas ou convenios específicos.
- **Desenvolvemento da colección.** A colaboración da Administración autonómica cos concellos para a mellora das coleccións dos servizos bibliotecarios ten lugar a través de distintas fórmulas: a dotación cun lote fundacional ás novas bibliotecas, as liñas de axudas públicas anuais para o mantemento e incremento das coleccións e a posta ao dispor de toda a rede dos títulos incluídos na plataforma de préstamo dixital GaliciaLe.
- **Fomento da informatización da xestión bibliotecaria.** A Administración autonómica colabora cos concellos para a mellora da xestión dos servizos bibliotecarios a través da dotación das bibliotecas da Rede co Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria, que permite o traballo colaborativo a través da conformación do catálogo único da rede. A posta en marcha e desenvolvemento desta ferramenta supuxo un salto cualitativo no funcionamento coordinado do sistema bibliotecario, con transcendencia notable no período que media entre a aprobación do I Mapa de bibliotecas de Galicia e esta segunda edición. A posta a disposición deste recurso acompaña de actividades formativas e da prestación de asesoramento técnico permanente.

- **En materia de persoal.** Partindo de que o persoal depende da administración titular de cada servizo, desde a Xunta de Galicia ofrécese un programa formativo de actualización permanente en materia de bibliotecas dirixido a todos os profesionais que prestan servizo na rede. Ademais, participa nos procesos selectivos do persoal das bibliotecas municipais designando persoal técnico que forme parte dos tribunais de selección, cando así se lle solicita. Por outra parte, desenvolve un programa de bolsas formativas nas bibliotecas centrais territoriais e na Biblioteca de Galicia, co que contribúe á formación das persoas que nun futuro poderán formar parte dos cadros de persoal das bibliotecas.
- **Actividades de promoción da lectura e actividades culturais.** A Administración autonómica colabora cos concellos a través dunha liña de axudas públicas para o fomento das actividades culturais de dinamización lectora que forman parte dun catálogo de programación conxunta e facilitan o achegamento aos espazos bibliotecarios.

No que respecta aos servizos de carácter cooperativo que leva a cabo a Biblioteca de Galicia, pódense sinalar os seguintes:

- **Catálogo colectivo.** Ademais de conservar un fondo físico que reflecta o patrimonio bibliográfico galego, a Biblioteca de Galicia tamén ten entre as súas funcións a responsabilidade de elaborar, manter e difundir o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (CCPBG).

En 2018 deuse acceso ao micrositio do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, xestionado pola Biblioteca de Galicia, dentro de Galiciiana-Biblioteca Dixital de Galicia⁴.

- **Acceso á información bibliográfica e de referencia.** A sección de información e referencia é un servizo esencial da Biblioteca de Galicia, en canto que biblioteca de investigación, xa que recolle os recursos bibliográficos que ofrecen información básica, tanto de temas xerais como especializados.
- **Conservación e dixitalización.** Segundo establece a Lei de bibliotecas de Galicia, entre as funcións da Biblioteca de Galicia está a de recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia, a producción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego. Ademais, sinala que debe formar e dar a coñecer unha colección de publicacións de interese pola súa relación con Galicia.

Velar pola conservación e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestando servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de restauración e dixitalización son, polo tanto, as principais encomendas da biblioteca, que emprega para este fin a biblioteca dixital de Galicia, Galiciiana.

⁴ <https://biblioteca.galicianana.gal/ccpbg/gl/micrositios/inicio.do>

- **Coordinación do préstamo interbibliotecario.** A lei de bibliotecas de Galicia determina que a Biblioteca de Galicia ten que xestionar unha colección de fondos de soporte ao préstamo interbibliotecario. Para cumplir con esta función creouse a Biblioteca Central de Préstamo, un servizo que ten a misión de apoiar ás bibliotecas públicas de Galicia para optimizar os recursos existentes, mellorar a oferta informativa da Rede de bibliotecas e resolver ou minimizar carencias funcionais e de espazo.

Por outra parte, a colección profesional da Biblioteca de Galicia comprende os fondos relacionados coa biblioteconomía e a documentación cuxo obxectivo é proporcionar un soporte informativo e documental axeitado aos profesionais destes sectores.

Estas obras non se atopan de forma habitual nas bibliotecas públicas pequenas ou medianas, como soen ser as bibliotecas municipais, co que constitúen un fondo documental imprescindible.

2.2. A REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

A Rede de Bibliotecas de Galicia é un grupo coordinado composto actualmente por 315 bibliotecas, que comparten políticas bibliotecarias, recursos e servizos comúns, coa finalidade de acadar a prestación do mellor servizo dispoñible ás persoas usuarias.

Está formada polas bibliotecas directamente dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e por todas aquelas de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometeron a colaborar nos obxectivos de mellora que se persegue coa Rede.

2.2.1. As bibliotecas de xestión autonómica

Trátase do grupo formado pola Biblioteca de Galicia e as 6 bibliotecas pública de xestión autonómica que se radican nas cidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e que actúan como bibliotecas centrais territoriais.

A Biblioteca de Galicia é a única de titularidade e xestión autonómica. É a biblioteca central do sistema bibliotecario de Galicia e configúrase como centro promotor da cultura galega e coordinador para a recuperación, conservación e difusión do patrimonio bibliográfico de Galicia. No seu labor ten especial relevancia a recuperación e difusión da producción cultural feita en Galicia e da realizada no idioma galego.

As bibliotecas públicas de xestión autonómica son a Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña, a Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela, a Biblioteca Pública de Lugo, a Biblioteca Pública Nós de Ourense, a Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra e a Biblioteca Pública Juan

Compañel de Vigo. Como bibliotecas centrais territoriais, prestan servizos bibliotecarios integrais ao territorio no que se asentan, tanto aos usuarios da súa contorna como de asesoramento e soporte técnico ás bibliotecas de ámbito inferior.

2.2.2. As bibliotecas de titularidade e xestión municipal

Ao tratar dos servizos municipais de bibliotecas, débese de ter en conta o establecido pola lexislación, nomeadamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e o seu regulamento de desenvolvemento e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece a obrigatoriedade de prestación do servizo de biblioteca para os concellos de máis de 5.000 habitantes. Pola súa parte, o artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece a obrigatoriedade de prestar servizo de biblioteca pública naqueles concellos cun núcleo urbano de máis de 1.000 habitantes.

Son con diferenza o grupo máis numeroso e o que representa un maior peso dentro da Rede. Na actualidade 222 concellos prestan servizo público de biblioteca e agrupan un total de 295 centros, xa que 31 destes concellos contan con máis dun punto de servizo no seu territorio conformando redes municipais de bibliotecas con tamaños e funcionamentos diferentes.

Todas as bibliotecas integradas na Rede, como mínimo, prestan os servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, información, acceso a Internet e promoción da lectura. A partir destes mínimos fixados para a integración, as bibliotecas municipais son un conxunto vivo que presta servizos diferentes segundo establezan as políticas municipais adoptadas polo concello do que dependen.

2.2.3. As bibliotecas de xestión privada

Forman tamén parte da Rede de bibliotecas de Galicia dúas bibliotecas públicas cuxa titularidade é dunha institución privada.

Porén, as bibliotecas de titularidade e xestión privada na súa meirande parte son bibliotecas especializadas, que conteñen un fondo referido principalmente a un campo específico do coñecemento.

Unha vez integradas na rede prestan servizo público coas restriccións que lles son propias e coordínanse co resto do sistema no ámbito dos procesos técnicos, da dixitalización e da protección dos fondos de especial valor cultural para Galicia. No que se refire a este tipo de bibliotecas, a Rede na actualidade conta con 11 centros bibliotecarios activos.

2.2.4. GaliciaLe

Se ben non constitúe unha biblioteca con entidade propia, merece especial mención a Plataforma GaliciaLe de préstamo en liña do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas. Creada en 2014, ten como obxectivo poñer ao dispor de toda a cidadanía galega unha colección de libros, revistas e obras audiovisuais en soporte electrónico, en galego e castelán.


É un servizo que lle ofrece a toda a cidadanía a posibilidade de tomar en préstamo, de forma gratuita, obras en formato dixital de temáticas diversas. O servizo é accesible para todas as persoas usuarias das bibliotecas públicas galegas, 24 horas ao día, 7 días a semana, a través da Internet⁵.

A plataforma consta de dous catálogos diferentes, un en castelán, dotado en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte e outro en galego, subministrado pola Xunta de Galicia, co que se pretende servir de plataforma de difusión da producción bibliográfica galega.

2.2.5. Cobertura territorial da Rede de Bibliotecas de Galicia


Nas gráficas seguintes indícase a distribución dos concellos que contan con servizo público de biblioteca integrado na Rede por tramos de poboación e a distribución das bibliotecas públicas da rede, por provincias.

**DISTRIBUCIÓN DOS CONCELLOS CON SERVIZO PÚBLICO DE
BIBLIOTECA INTEGRADO NA REDE**




⁵ <https://www.galiciale.gal/>


DISTRIBUCIÓN DOS CONCELLOS CON SERVIZO PÚBLICO DE BIBLIOTECA INTEGRADO NA REDE



BIBLIOTECAS PÚBLICAS INTEGRADAS NA REDE, POR PROVINCIA



COBERTURA TERRITORIAL DA REDE



CONCELLOS CON REDE MUNICIPAL



CONCELLOS CUN ÚNICO SERVIZO ACTIVO (1 CENTRO)



CONCELLOS SEN SERVIZO DE BIBLIOTECA INTEGRADO NA REDE

2.3. NORMATIVA

O *Estatuto de autonomía de Galicia* establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. No artigo 27.18 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución, así como sobre as bibliotecas de interese da comunidade e que non sexan de titularidade estatal.

En exercicio desta competencia ditouse a *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*, co obxecto de establecer as bases e as estruturas fundamentais para a planificación e o desenvolvemento do Sistema Galego de Bibliotecas. Esta norma xorde como resposta aos cambios e tendencias de evolución que as bibliotecas galegas experimentaran desde a anterior *Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas*, así como os cambios normativos producidos desde entón, entre eles os derivados da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia*, a *Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia*, así como os aspectos básicos da *Lei estatal 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas*.

No nivel regulamentario, a norma de referencia é o *Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas*, que se ben é anterior á lei vixente, mantense en vigor en todo o que non resulte contrario a esta. Este decreto ditouse coa finalidade de poñer fin á dispersión normativa existente ata o momento, unificando nun só texto todas as disposicións relativas aos órganos do sistema bibliotecario galego, ao Rexistro de bibliotecas, á creación de servizos bibliotecarios, á integración na Rede de Bibliotecas de Galicia e á regulación dos centros bibliotecarios fixos e itinerantes.

Este decreto foi desenvolvido á súa vez nun aspecto moi concreto pola *Orde do 11 de xuño de 2007, pola que se regula o recoñecemento de biblioteca de especial interese para Galicia*.

Xa con posterioridade á Lei 5/2012, do 15 de xuño, aprobouse a norma pola que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, o *Decreto 190/2013, do 19 de decembro*, desenvolvendo así as previsións legais sobre este órgano.

2.3.1. A regulación acerca do Mapa de Bibliotecas de Galicia

A *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*, define e regula no seu artigo 27 o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, o seu contido e finalidade e os órganos que interveñen na súa elaboración e aprobación. Ademais, ao longo do seu articulado recolle diversas referencias que complementan a regulación detallando o contido mínimo deste instrumento.

A elaboración do Mapa está atribuída á Secretaría Xeral de Cultura, órgano ao que lle corresponde a dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas en aplicación do disposto no *Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* en relación co artigo 7 da Lei 5/2012, do 15 de xuño.

A súa aprobación correspónelle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de bibliotecas, logo do informe preceptivo do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia. Finalmente, debe remitirse ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración. O documento debe ser actualizado e publicado polo menos cada catro anos.

O obxectivo do Mapa é servir como base para a concreción do diagnóstico, dos valores, dos obxectivos, das actuacións e das prioridades da acción pública en materia de servizos públicos bibliotecarios de Galicia.

En canto ao seu contido, do conxunto das referencias legais podemos extraer que o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia debe conter:

1. A identificación dos servizos bibliotecarios dispoñibles ou, noutras palabras, que bibliotecas existen e que características ten cada unha.
2. A planificación do tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme os estándares internacionais e comunitarios.
3. A identificación das necesidades de lectura pública (é dicir, cales son as necesidades da poboación non cubertas, tendo en conta os servizos aos que ten dereito cada poboación e os que ten efectivamente dispoñibles).
4. As prioridades da política bibliotecaria (é dicir, que necesidades non cubertas se deben atender primeiro), así como os obxectivos e criterios para os investimentos e axudas da consellería.

Todos estes contidos deben referirse a núcleos poboacionais ou áreas xeográficas determinadas, de forma que, co seu exame, se poida obter unha visión global e detallada da situación dos servizos bibliotecarios en Galicia. Así, o Mapa debe ofrecer a información que permita saber, non só con que servizos conta a poboación, senón en cales é deficitaria, de forma que facilite a planificación e priorización de actuacións por parte dos poderes públicos. Para iso, é preciso partir da comparación entre os servizos bibliotecarios cos que conta unha poboación determinada e os estándares aos que deberían tender eses servizos.

Dependendo de como se recolla e estruture esta información, poderá obterse en distintos niveis de desagregación: para un concello, para unha provincia, para un grupo de concellos de características determinadas (concellos limítrofes nunha área xeográfica, concellos que comparten un mesmo rango de poboación...) ou para toda Galicia, o que amplía as utilidades para os distintos ámbitos competenciais das Administracións públicas.

Deste xeito, dentro das marxes que a propia lei establece, correspónelles ás administracións competentes determinar se para atender as necesidades non cubertas cómpre crear novos servizos bibliotecarios ou ben reforzar ou ampliar os existentes.

Por outro lado, o Mapa debe conter determinadas pautas que afectan a cada biblioteca en particular e non a unha área xeográfica. Así, debe determinar:

1. A tipoloxía á que se adscribe cada biblioteca da rede, en función de criterios obxectivos.
2. O horario mínimo de prestación do servizo para cada tipo de bibliotecas.

2.4. DIRECTRICES E OUTROS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN. SITUACIÓN COMPARADA EN ESPAÑA

A necesidade de contar cunha planificación exhaustiva para a prestación dos servizos bibliotecarios veuse poñendo de manifesto e pautando tanto a través de diversas disposicións normativas como a través do establecido por diversos organismos e entidades plurinacionais a partir do comezo do século XXI.

Para abordar a planificación, é necesario contar, como paso previo, cunha imaxe global da situación das bibliotecas da comunidade que se pretende analizar. Un documento descriptivo que oriente na toma de decisións, que amose os puntos fortes e as debilidades sobre as que traballar. Un recurso para canalizar os obxectivos e plans sobre bibliotecas, que incrementará a eficacia na xestión dos recursos. En definitiva, cun mapa de bibliotecas.

Así, de acordo cos principios do Manifesto da UNESCO⁶, as Directrices de IFLA⁷ e o Plan PULMAN de acción de Oeiras⁸, documentos nos que se recoñece a obriga de que as bibliotecas públicas respondan ás demandas da comunidade á que serven, é necesario, á hora de determinar a política estratéxica de cada biblioteca (misión, visión e liñas estratéxicas de actuación) e definir o modelo de organización que vai adoptar cada sistema de bibliotecas, a análise pormenorizada e global da situación actual.

A partir destes acordos internacionais, en España, nas normas autonómicas de bibliotecas, van xurdindo referencias aos instrumentos de planificación bibliotecaria que son por excelencia os mapas de bibliotecas ou tamén denominados mapas de lectura pública.

Neste senso, tan só catro comunidades autónomas desenvolveron os seus respectivos mapas de bibliotecas, sendo Galicia a única que presenta a súa segunda edición, ou actualización de datos do primeiro.

En 2006 publicouse o *Mapa de Lectura Pública da Región de Murcia*⁹, como instrumento de traballo imprescindible para a planificación e implantación de políticas bibliotecarias eficaces baseadas na realidade, establecendo o marco normativo de referencia no que deben desenvolverse as accións do servizo e as bases para poder realizar a programación a medio e longo prazo.

⁶ Manifesto da Unesco sobre bibliotecas públicas (1994).

https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000112122_spa

⁷ Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas (2001).

<https://www.ifla.org/wp-content/uploads/2019/05/assets/hq/publications/archive/the-public-library-service/pg01-s.pdf?msclkid=f4b316dfcfbc11ec9ec3bb6c31b906f7>

⁸ Manifiesto de Oeiras. Plan de trabajo de PULMAN para e-Europe (2003).

<https://ceice.gva.es/documents/161869864/163421061/manifiestodeoeiras.pdf/9fcfdcf4-3b74-4316-bf6b-8fe3826c7b66>

⁹<https://www.carm.es/web/pagina?IDCONTENIDO=4525&IDTIPO=100&RASTRO=c847%24m&msclkid=13eed646cfc211ecba0552bc02843a22>

Trátase da descripción estatística e gráfica da situación real das bibliotecas dun territorio determinado no momento en que se realiza, por medio da presentación pormenorizada dos datos numéricos de cada centro e con relación a unha análise de necesidades básicas.

En 2007 publicouse o *Mapa de lectura pública do País Vasco*¹⁰, especialmente interesante por ser a primeira vez que desde o Goberno Vasco se recolleron as estatísticas das bibliotecas das deputacións forais dos tres territorios históricos. E, ademais, porque é tamén a primeira vez que se plasmaron nun documento recomendacións de estándares de servizos públicos para as bibliotecas vascas, seguindo as pautas de institucións internacionais tales como a IFLA e a UNESCO.

En 2014 publicouse o *Mapa da Lectura Pública de Cataluña*¹¹ que presenta estándares cuantitativos porque, aínda que a situación das bibliotecas públicas en Cataluña avanzara considerablemente nos últimos anos, aínda se daban carencias graves e desequilibrios territoriais que poñían de manifesto a necesidade de especificar cuantitativamente os recursos necesarios para poder ofrecer un servizo bibliotecario de calidade.

En 2016 publicouse o *Mapa de Bibliotecas de Galicia*¹², que amosa a situación das bibliotecas públicas galegas por concellos, facendo unha diagnose cuantitativa e achegando propostas de actuación que contribuíron a un mellor servizo bibliotecario para a cidadanía. Esta ferramenta permitiu establecer as necesidades de servizo bibliotecario de cada municipio a partir da comparación entre a situación das bibliotecas nun determinado territorio cos valores estipulados nos estándares.

O último instrumento de planificación deste tipo en publicarse en España é o *Mapa de bibliotecas de Castilla-La Mancha (2019)*¹³, que parte dun sistema de información completo e fiable da realidade bibliotecaria, tanto desde o punto de vista cuantitativo como de rendemento das bibliotecas.

En 2022 a Xunta de Galicia presenta o II Mapa de Bibliotecas de Galicia, sendo así a única das comunidades autónomas que contan cun instrumento de planificación deste tipo que acada a segunda edición. As experiencias doutros instrumentos previos da contorna serviu como orientación, se ben partindo do principio de que o mapa debe responder á realidade do territorio galego e polo tanto debe ser totalmente adaptado a Galicia.

¹⁰ https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/publi_biblio/es_pub_bib/adjuntos/es_Mapa_leitura_EAE.pdf

¹¹ https://biblioteques.gencat.cat/web/.content/tematic/el-servei-de-biblioteques/linies-dactivitat/planificacio-bib/mapa-lectura-publica/documents/estandards_cast.pdf

¹² <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/rede/mapa-de-bibliotecas-publicas-de-galicia-0>

¹³ https://www.castillalamancha.es/sites/default/files/documentos/pdf/20200707/mapa_bibliotecas_clm_2019.pdf

2.5. O I MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

O 19 de maio de 2016 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o I Mapa de bibliotecas públicas de Galicia. Deste xeito, dábase cumprimento ao mandato legal e poñíase por primeira vez ao dispor de institucións, profesionais e da cidadanía en xeral, un documento que, nas súas propias palabras, é:

- Un instrumento que permite coñecer a realidade das bibliotecas de Galicia, o seu nivel de desenvolvemento e carencias, con datos obxectivos.
- Unha ferramenta de planificación, que permite coordinar os investimentos de diferentes administracións competentes en materia de bibliotecas e xerarquizar as actuacións.
- Unha guía que establece as propostas de actuación a executar en cada concello, de modo que estes disponan dos recursos necesarios para poder garantir un servizo de calidade e acorde ao que establecen os estándares.
- Un mecanismo para garantir un crecemento equilibrado dos equipamentos.
- Un modo de avaliación para comprobar a desviación respecto dos estándares vixentes das bibliotecas e das redes existentes en cada momento.

O I Mapa realizouse con base no Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014, que sistematiza a información de 317 puntos de servizo bibliotecario activos, correspondentes a 257 concellos, e nutriuse cos datos recollidos na Estatística de Bibliotecas Públicas 2013.

A partir da información recollida, levouse a cabo un diagnóstico individualizado de cada concello a partir dos estándares fixados en torno a seis indicadores de servizo: espazo (superficie total dedicada ao programa), fondo (número total de documentos), equipamento (postos de lectura), equipamento informático (equipos informáticos de uso público), horas de servizo semanais e persoal (número de efectivos e categoría).

A situación dos concellos en cada un destes indicadores foi avaliada conforme a unha escala de tres niveis de adecuación: alto, medio ou baixo, e realizáronse propostas de actuación para chegar a acadar os niveis superiores, nos casos oportunos. O documento tamén contiña unha análise xeral da situación bibliotecaria en Galicia, que permitiu obter unha visión global da medida en que a comunidade autónoma ofrecía uns servizos bibliotecarios suficientes a súa cidadanía.

O Mapa recoñece a necesidade de actualizar periodicamente os estándares, o censo e o mapa de bibliotecas debido a que son ferramentas de mellora continua, logo teñen un carácter transitorio.

3. PROCESO DE ELABORACIÓN

O primeiro paso no proceso de elaboración do II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia foi realizar unha análise pormenorizada do I Mapa, tanto do censo de bibliotecas como dos estándares aplicados, así como do seu resultado presentado a través das fichas de diagnose, para valorar en que medida debían ser mantidos ou modificados nesta segunda edición.

3.1. CENSO DE BIBLIOTECAS

A primeira decisión relevante foi a relativa ao censo de bibliotecas, que constitúe a relación de servizos bibliotecarios que conforman o universo sobre o que se realiza o estudo.

Para a definición do censo acoutouse o conxunto de servizos bibliotecarios públicos a partir dos datos obtidos do Directorio de Bibliotecas Públicas de Galicia e da Enquisa para Bibliotecas, depurando a información de xeito que facilitase a análise dos datos e a aplicación dos estándares.

Así, o censo que forma parte deste II Mapa está formado polos servizos bibliotecarios públicos que reúnen as seguintes características:

1. Que prestasen servizo activo en 2019. Considéransen servizos activos aqueles que prestan o servizo de forma estable e permanente dun xeito proactivo, non se consideraron aqueles servizos que funcionan a demanda ou abren de xeito puntual.
2. Que dispuxesen de datos suficientes. Para iso, seleccionáronse aqueles que cubrisen a enquisa anual para bibliotecas a través da que se elabora a *Estatística Anual de Bibliotecas Públicas*¹⁴.
3. Que estivesen formalmente integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia, dado o amplio alcance desta neste momento. Ampliar o censo a outras bibliotecas distorsionaría o resultado, xa que na meirande parte non achegan datos nin se coñece ben o seu funcionamento.

Unha vez definidos os criterios que deben cumplir os servizos que conforman a mostra sobre a que aplicar os estándares, amósase un censo de 295 servizos bibliotecarios radicados en 215 concellos.

Con respecto ao censo empregado na elaboración do I Mapa constátase unha baixada, pasando dos 317 puntos de servizo de 2016 aos 295 actuais. Esta baixada é consecuencia tanto da depuración do Directorio de Bibliotecas Públicas de Galicia como da decisión de estudar únicamente os servizos integrados na rede.

¹⁴ Actividade estatística do IGE, que compila as cifras que conforman a publicación anual do Ministerio de Cultura y Deporte: *Las Bibliotecas Españolas en cifras*.

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/estisticas-e-informes>

A distribución das bibliotecas que forman parte do censo segundo o rango de poboación dos concellos aos que corresponden é a que segue:

TOTAL GALICIA	CONCELLOS ANALIZADOS	SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
(-2.000) HAB	47	48
2.001-5.000 HAB	58	65
5.001-10.000 HAB	55	67
10.001-20.000 HAB	32	46
20.001-30.000 HAB	8	19
30.001-50.000 HAB	8	25
(+)50.000 HAB	7	25
TOTAL	215	295

A CORUÑA	CONCELLOS ANALIZADOS	SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
(-2.000) HAB	11	12
2.001-5.000 HAB	21	25
5.001-10.000 HAB	28	35
10.001-20.000 HAB	10	14
20.001-30.000 HAB	2	4
30.001-50.000 HAB	6	21
(+)50.000 HAB	3	16
TOTAL	81	127

LUGO	CONCELLOS ANALIZADOS	SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
(-2.000) HAB	13	13
2.001-5.000 HAB	15	16
5.001-10.000 HAB	6	7
10.001-20.000 HAB	4	4
20.001-30.000 HAB	-	-
30.001-50.000 HAB	-	-
(+)50.000 HAB	1	2
TOTAL	39	42

OURENSE	CONCELLOS ANALIZADOS	SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
(-2.000) HAB	21	21
2.001-5.000 HAB	6	6
5.001-10.000 HAB	6	6
10.001-20.000 HAB	4	4
20.001-30.000 HAB	-	-
30.001-50.000 HAB	-	-
(+)50.000 HAB	1	4
TOTAL	38	41

PONTEVEDRA	CONCELLOS ANALIZADOS	SERVIZOS BIBLIOTECARIOS
(-2.000) HAB	2	2
2.001-5.000 HAB	17	17
5.001-10.000 HAB	15	17
10.001-20.000 HAB	13	24
20.001-30.000 HAB	6	15
30.001-50.000 HAB	1	4
(+)50.000 HAB	2	3
TOTAL	56	82

3.2. INDICADORES

A revisión do I Mapa puxo de manifesto que o número e variedade de estándares nel recollidos resultaban actualmente insuficientes para caracterizar un servizo bibliotecario de calidad, de aí que se tomara a decisión de manter os indicadores da primeira edición e complementalos con información adicional.

Deste xeito, o Mapa analiza un conxunto amplio de variables que serven para describir de forma moito más detallada o alcance dos servizos que a cidadanía galega pode obter para o acceso á cultura a través das bibliotecas.

3.2.1. Recollida de datos. Ficha informativa

A ampliación do número de indicadores fixo necesario á súa vez ampliar as fontes de información para coñecer a situación real das bibliotecas galegas.

A primeira das foi a *Estatística Anual de Bibliotecas Públicas*¹⁵, elaborada cada ano a través das enquisas que cobren os servizos bibliotecarios. Tomouse a decisión de empregar os datos estatísticos de 2019 por considerarse o derradeiro ano no que os servizos bibliotecarios tiveron un funcionamento ordinario, xa que en 2020 os servizos víronse alterados e interrompidos en ocasións por mor da pandemia.

Fíxose unha excepción no caso dos concellos de Arbo, Castro Caldelas, Coristanco, Frades, Muras, As Neves, Paradela, O Páramo, A Pobra de Trives, Sobrado e Taboadela, dos que non se contaba con datos de 2019 por tratarse de concellos que ou ben se integraron na Rede ou ben se reactivaron en 2019, pero dos que si se dispunha de datos para o ano 2020.

Con esta información elaborouse unha ficha informativa, coa finalidade de amosar tanto a situación actual como tamén a evolución dos servizos desde o I Mapa.

Para iso, presentouse unha comparativa dos datos estatísticos dispoñibles para 2019 e para 2015 (o último ano con datos estatísticos na data de aprobación do I Mapa). No caso daqueles servizos para os que non se dispunha de datos do ano 2015, a ficha informativa elaborouse únicamente cos datos de 2019 (ou 2020 nas excepcións vistas anteriormente).

As fichas informativas elaboráronse individualmente por servizo bibliotecario e nos casos nos que existe máis dun servizo por concello, elaborouse ademais unha ficha global para o concello.

Estas fichas constan de dúas partes. Unha, referida aos datos do servizo bibliotecario, inclúe o código NIDEN (número de identificación da biblioteca), o tipo de xestión (autonómica, municipal ou privada), o nome da biblioteca e o nome do concello no que se radica. A outra consta dos datos cuantitativos dispoñibles referidos a tres grandes bloques de análise: persoas, recursos materiais e resultados¹⁶.

Porén, o proceso de recollida de información non resultaba completo a partir dos datos estatísticos, nos que destacaba a ausencia de información referida a aspectos irrenunciables en calquera servizo público na actualidade: a accesibilidade, a atención á diversidade, a sustentabilidade, as accións en acceso aberto, a capacitación dixital ás persoas usuarias, os recursos de difusión pública dos servizos bibliotecarios, os premios e distincións dos servizos e mesmo os plans de mellora para o futuro.

Por outro lado, o principio de colaboración que rexía o funcionamento da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia facía imprescindible que as entidades titulares dos servizos bibliotecarios fosen parte activa neste traballo, polo que se lles facilitou

¹⁵ <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/estatisticas-e-informes>

¹⁶ Ver contido da ficha no anexo I

a información dispoñible e se lles solicitou a súa colaboración para complementala a través dunha enquisa destinada aos cargos públicos municipais.

Deste xeito, envíouse a todas as alcaldías e concollerías de Cultura a ficha informativa coa comparativa dos datos de 2015 e 2019 e a ligazón á enquisa en liña para que completaran os datos referidos aos novos servizos¹⁷. O grao de participación foi altamente satisfactorio, xa que dos 215 concellos que conforman a mostra responderon 213, obtendo un 99% de resposta. Esta alta participación amosa que unha canle permanentemente aberta cos poderes públicos municipais será fundamental para conseguir o funcionamento óptimo da rede.

3.3. ESTÁNDARES

Os estándares establecen os recursos mínimos cos que deben contar os servizos bibliotecarios integrados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia para garantir uns servizos de calidade.

A decisión de ampliar o número de estándares respecto dos recollidos no I Mapa implicou a necesidade de fixar os parámetros de referencia para os novos estándares, ademais de revisar os xa recollidos na edición anterior.

O proceso de determinación dos estándares inspirouse en dous principios fundamentais:

1. Adecuación á realidade galega actual. O obxectivo é asegurar que os estándares sexan coerentes coa situación existente, entendendo que non resultaría realista nin efectivo fixar estándares utópicos ou desconectados da realidade.
2. Participación. Ademais da colaboración das entidades titulares dos servizos para obter a información necesaria, tamén se tivo en conta a opinión manifestada polos profesionais bibliotecarios galegos acerca dos estándares vixentes

Así pois, para a súa elaboración contouse tanto con información de fontes primarias cuantitativas, cualitativas, comparativas ou valorativas, como fontes secundarias de apoio.

3.3.1. Fontes primarias

As fontes primarias son os instrumentos de obtención dos datos cuantitativos e cualitativos que describen os servizos bibliotecarios. Trátase principalmente dos resultados da *Estatística Anual de Bibliotecas Públicas*¹⁸ e dos cuestionarios en liña dirixidos a cargos públicos municipais, deseñados exclusivamente para a obtención de datos para esta segunda edición do Mapa co obxectivo de obter datos para poder complementar os que estaban dispoñibles.

¹⁷ Ver contido do cuestionario no anexo II

¹⁸ <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/estatisticas-e-informes>

Como xa se mencionou no apartado 3.2.1. *Recollida de datos. Ficha informativa*, a información analizada foi maioritariamente a referida ao ano 2019, aínda que tamén se empregaron os datos de 2020, para poder fixar estándares para 10 concellos que, ou ben se integraron na Rede, ou ben activaron o servizo bibliotecario a partir de 2019.

As fichas informativas coa comparativa dos datos de 2015 e 2019 convertéronse nunha fonte que permitiu obter unha imaxe fixa de cada un dos servizos bibliotecarios e a súa evolución.

Pola súa parte, a enquisa dirixida aos cargos públicos municipais permitiu incrementar o número e desenvolver os estándares de carácter social, cultural e ambiental.

Se a participación das persoas titulares dos servizos foi clave para a obtención dunha radiografía do panorama bibliotecario galego, non foi menos importante a participación do persoal que presta o seu servizo profesional nas bibliotecas. Para atender a opinión das persoas traballadoras dos servizos bibliotecarios deseñouse unha enquisa a través da que se compilou a súa opinión sobre a adecuación dos servizos aos estándares definidos no I Mapa¹⁹.

O grao de resposta foi tamén altamente satisfactorio, demostrándose así mesmo que manter contacto directo co persoal bibliotecario e fomentar a súa participación nos procesos é fundamental. Esta enquisa serviu de base para coñecer se os estándares do I Mapa eran axeitados, e podían manterse ou, era necesario aumentalos ou diminuílos. Das 295 bibliotecas ás que se enviou responderon 271, obtívose un 91,8% de resposta.

3.3.2. Fontes secundarias

Como fontes secundarias, revisáronse diversas fontes documentais para establecer o marco de partida e coñecer os antecedentes na materia, tanto a nivel nacional como a nivel galego.

Así, revisáronse instrumentos de planificación doutras Comunidades Autónomas como o *Mapa de lectura pública de la Región de Murcia* (2006)²⁰, o *Mapa de lectura pública da Comunidade Autónoma do País Vasco* (2007)²¹, o *Mapa de lectura pública de Cataluña* (2014)²² ou o *Mapa de bibliotecas de Castilla-La Mancha* (2019)²³. A información contida nestes instrumentos serviu como orientación, xa que a

¹⁹ Ver contido do cuestionario no anexo III

²⁰ https://www.carm.es/web/pagina?IDCONTENIDO=4525&IDTIPO=100&RASTRO=c847%24m&mscl_kid=13eed646cfc211ecba0552bc02843a22

²¹ https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/publi_biblio/es_pub_bib/adjuntos/es_Mapa_lecatura_EAE.pdf

²² https://biblioteques.gencat.cat/web/.content/tematic/el-servei-de-biblioteques/linies-dactivitat/planificacio-bib/mapa-lectura-publica/documents/estandards_cast.pdf

²³ https://www.castillalamancha.es/sites/default/files/documentos/pdf/20200707/mapa_biblioteca_s_clm_2019.pdf

realidade do territorio galego non é semellante á destas Comunidades e por iso, o segundo Mapa debe ser totalmente adaptado a Galicia.

Tamén se tiveron en conta resultados publicados por parte do Ministerio de Cultura y Deporte a través da súa publicación anual *Las Bibliotecas Españolas en cifras*²⁴, distintas publicacións da IFLA/UNESCO como *Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas* (2001)²⁵, o *Anual Report 2014*²⁶ da citada organización ou *Pautas para establecer colecciones en una Biblioteca Pública*²⁷, do Consejo de Cooperación Bibliotecaria, 2010.

Ademais destas, e como non podía ser doutro xeito, tivéronse en conta os *Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible* establecidos na Agenda 2030, así como o establecido nos diferentes instrumentos normativos da Comunidade Autónoma en materia de bibliotecas.

3.3.3. Graos de adecuación

Tamén neste aspecto se introduciu unha novidade respecto do I Mapa, xa que en lugar da gradación en tres niveis fixados no 2016 (grao de adecuación alto, medio ou baixo), nesta segunda edición establécense con carácter xeral cinco niveis de adecuación aos estándares, segundo os seguintes parámetros:

GRAO DE ADECUACIÓN AOS ESTÁNDARES

	Grao de adecuación	%
ALTO	Alto	Valor igual ou maior ao 120% do estándar
ADECUADO	Adecuado	Valor igual ou maior ao 80% e inferior ao 120% do estándar
ESTÁNDAR		
MEDIO	Medio	Valor igual ou maior ao 60% e inferior ao 80% do estándar
BAIXO	Baixo	Valor igual ou maior ao 20% e inferior ao 60% do estándar
MOI BAIXO	Moi baixo	Valor por debaixo do 20% do estándar

²⁴ <https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/areas/bibliotecas/mc/ebp/portada.html>

²⁵ <https://www.ifla.org/wp-content/uploads/2019/05/assets/hq/publications/archive/the-public-library-service/pg01-s.pdf?msclkid=f4b316dfcfbc11ec9ec3bb6c31b906f7>

²⁶ <https://cdn.ifla.org/wp-content/uploads/files/assets/hq/annual-reports/2014.pdf?msclkid=974d5e29cfc411ec93327fe2e4bdf133>

²⁷ <http://travesia.mcu.es/portalnb/jspui/handle/10421/5081>

Non obstante, en determinados casos o grao de adecuación defínese de forma diferente, atendendo ás peculiaridades do indicador. Estes casos detallaranse polo miúdo na explicación do estándar correspondente.

Hai que sinalar que os estándares se estableceron a nivel de concello, non para cada punto de servizo. Desta forma poderase avaliar en que grao se adecúa ao estándar o servizo que recibe a ciudadanía dun municipio, independentemente da titularidade ou xestión das bibliotecas que o prestan.

Por outro lado, para fixar os estándares relativos aos diferentes indicadores segmentáronse os concellos en función da súa poboación²⁸, de forma que un mesmo indicador poderá ter estándares diferentes para os distintos tramos poboacionais.

Os estándares fixados segundo o sinalado nos apartados anteriores sometérónse a informe do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia na súa reunión do 06.03.2022, que valorou positivamente a súa adecuación á realidade galega.

A descripción detallada de cada un deles pode consultarse no apartado 4 deste documento. Así mesmo, no apartado 5 descríbese o resultado da súa aplicación aos servizos bibliotecarios galegos.

3.4. APROBACIÓN E PUBLICACIÓN

Tal como establece a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, no seus artigos 9 e 27, o II Mapa de Bibliotecas de Galicia someteuse ao informe preceptivo do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia que tivo lugar o 24 de maio de 2022.

Finalmente, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 25 de maio de 2022 e remitiuse ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración.

Toda a documentación do Mapa pódese consultar na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal>.

²⁸ Segundo o modelo de segmentación poboacional empregado polo IGE nas operacións estatísticas, tendo en conta os datos do padrón municipal de habitantes a 01/01/2021.

4. DESCRICIÓN DOS ESTÁNDARES

O II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia recolle estándares sobre un total de 30 indicadores, repartidos en 10 bloques temáticos: distribución do fondo, espazos, dixitalización, condicións de apertura, recursos humanos, accesos, accesibilidade para persoas con discapacidade, accións de dinamización, sustentabilidade e orzamento.

A continuación, detállase para cada un dos estándares os parámetros fixados para cada tramo de poboación e o valor medio que acadan nese indicador os concellos do tramo correspondente, así como a explicación do proceso seguido para a súa obtención. Ademais, nos supostos nos que o estándar coincide cun xa existente no I Mapa, inclúese a comparativa co estándar do I Mapa e a valoración que os profesionais bibliotecarios fixeron sobre este.

4.1. COLECCIÓN

A colección, ou fondo, comprende o conxunto dos recursos de información (en calquera soporte) que as bibliotecas poñen ao dispor das persoas usuarias.

Segundo a IFLA/UNESCO²⁹, os fondos e servizos bibliotecarios deberán incluir todo tipo de medios e tecnoloxías, asegurando a súa calidade e adecuación ás necesidades locais polo que o fondo deberá atender a diversas cuestións como o público ao que vai dirixido ou o idioma, especialmente nas comunidades con lingua propia como Galicia, nas que o dereito da cidadanía a ter acceso a recursos culturais no seu idioma debe estar plenamente garantido.

4.1.1. Total da colección e documentos por habitante

Fai referencia ao total de exemplares que o servizo bibliotecario pon ao dispor da poboación usuaria de cada concello. O número de documentos por habitante será o que determine o número mínimo de exemplares que deberá posuér cada servizo bibliotecario. É dicir, a cifra de exemplares que se establece como estándar dependerá exclusivamente da ratio establecida no estándar e do número de habitantes do concello.

As directrices da IFLA/UNESCO para o desenvolvemento dos servizos de bibliotecas públicas establecen unha ratio municipal de entre 1'5 e 2,5 documentos por habitante.

Débese ter en conta que a ratio de documentos por habitante aumenta a medida que diminúe o número de habitantes, para garantir un número mínimo de

²⁹ *Diretrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas* (2001). <https://www.ifla.org/wp-content/uploads/2019/05/assets/hq/publications/archive/the-public-library-service/pg01-s.pdf?msclkid=f4b316dfcfbc11ec9ec3bb6c31b906f7>

exemplares que aseguren un acceso igualitario á información. O que se pretende así é que os concellos con menor número de habitantes teñan unha colección axeitada para satisfacer as necesidades das persoas usuarias.

ESTÁNDAR DA RATIO DE DOCUMENTOS POR HABITANTE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Ratio	2,5	2,5	2,5	2	2	1,5	1,5
Nº de exemplares	Ata 5.000	5.000	12.500	20.000	40.000	75.000	100.000
Valor medio	7.592	11.192	20.574	29.768	62.267	315.459	443.773
Estándar 2016	-	5.000	10.000	17.500	30.000	50.000	70.000
Opinión est.2016	Bo		Bo		Bo		Bo
							Baixo

4.1.2. Fondo en galego

Non só é importante o número de exemplares que componen a colección, senón tamén o idioma destes. A rede de bibliotecas públicas de Galicia debe ter, entre outros, un papel central e impulsor na difusión da producción cultural en galego realizada en Galicia ou fóra de Galicia, actuando como ente promotor da lingua e a cultura galegas.

Desta forma, establecése que os servizos bibliotecarios municipais deben posuér o 30% da colección en galego, admitindo desviacións do $\pm 5\%$ como adecuados. O fondo en galego será considerado baixo con porcentaxes menores ao 25% ou alto con porcentaxes superiores ao 35%.

Trátase dun estándar ambicioso -tendo en conta que a producción editorial en galego supón unha pequena parte de todo o mercado editorial en España- fixado co claro obxectivo de que sirva de estímulo para seguir avanzando na creación, producción, tradución e difusión das obras creadas nesta lingua.

O grao de adecuación correspondente a este estándar é o que segue:

GRAO DE ADECUACIÓN PARA O FONDO DA COLECCIÓN EN GALEGO

Grao de adecuación	%
Alto	Igual ou superior ao 35%
Adecuado	Igual ou superior ao 25% e menos do 35%
Baixo	Menos do 25%

MEDIA DO FONDO EN GALEGO

Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
37,1%	25,8%	27,2%	20,6%	29,7%	11,3%	13,9%

4.1.3. Público ao que vai dirixido

É importante garantir o acceso á información e á cultura de toda a ciudadanía, é por isto que non se deben esquecer os exemplares destinados ao público infantil, para que os nenos e nenas poidan crear e consolidar hábitos de lectura desde a infancia.

O estándar mínimo situarase en torno ao 20%³⁰ sobre o número de exemplares da biblioteca, polo que a cifra será variable, dependendo sempre do tamaño do concello no que se atopa e o número de exemplares cos que conta.

O estándar é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA O FONDO DA COLECCIÓN DIRIXIDO AO PÚBLICO INFANTIL

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	25%	25%	25%	25%	25%	20%	20%
Valor medio	27,9%	27,1%	26,7%	30,4%	29,9%	14,7%	19,6%

4.2. DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

Os servizos bibliotecarios públicos convertéronse nun lugar de encontro e centros de aprendizaxe abertos, o que repercute directamente nas súas dimensións e distribución. Cobran relevancia os espazos de formación e os destinados ao público infantil para que poidan acoller actividades de promoción diversas.

4.2.1. Superficie útil

O estándar mínimo da superficie útil redúcese con respecto ao I Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia. Trala consulta realizada ao persoal bibliotecario, obsérvase que opina en maior medida que para outros indicadores que este estándar era *ligeiramente alto ou alto*.

Tan só o 39,5% do persoal bibliotecario declara que a biblioteca na que presta o seu servizo profesional se adecúa ao estándar do I Mapa en relación coa superficie

³⁰ *Pautas para establecer colecciones en una Biblioteca Pública*, do Consejo de Cooperación Bibliotecaria, 2010

e os espazos, mentres que o 33,9% manifesta que a institución titular da biblioteca implantou algunha mellora con respecto a esta dimensión.

Atendendo ao anterior, é únicamente nas zonas más poboadas onde se procede a aumentar o estándar de superficie útil.

Con respecto á sala infantil, a existencia dun espazo destinado exclusivamente a este uso considérase necesaria só naqueles concellos de máis de 20.000 habitantes, mentres que nos concellos máis pequenos considérase adecuada a existencia dunha sala única ou polivalente para todo tipo de públicos.

Polo tanto, os estándares en canto aos espazos son os seguintes:

ESTÁNDAR DE SUPERFICIE E SALA INFANTIL

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
m ² do programa	100	150	250	350	800	4.000	6.000
Sala infantil	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Si	Si	Si
Media m ²	102	-	183	283	395	907	4.266
Estándar 2016	-	360	650	975	1.430	2.600	3.250
Opinión est.2016	Alto	Bo	Bo	Bo	Alto	Bo	Baixo

4.2.2. Postos de lectura

No que respecta aos postos de lectura, o 65,0% do persoal bibliotecario considera que actualmente a biblioteca na que presta servizo profesional se axusta aos estándares do I Mapa, atopándose entre os ítems nos que se acada un grao de adecuación máis elevado.

O 25,8% declara que desde 2016 as institucións titulares do servizo realizaron actuacións de mellora no referente ao incremento dos postos de lectura na biblioteca.

A media nacional³¹ no ano 2019 está en 6,3 postos de lectura cada 1.000 habitantes. Galicia acada unha ratio de 6,7 postos de lectura por cada 1.000 habitantes, situándose por enriba da media nacional. Observando estes datos e os obtidos na enquisa realizada ao persoal bibliotecario, decidiuse que a ratio roldara esa cifra, dependendo da categoría poboacional de cada concello.

³¹ Postos de lectura segundo a publicación *Bibliotecas Españolas en cifras* do Ministerio de Cultura y Deporte: <https://cutt.ly/yIYUxLH>

Será nos concellos de menor tamaño onde se requira un número maior de postos por habitante, para garantir o acceso de toda a poboación ao servizo en condicións axeitadas.

ESTÁNDAR PARA OS POSTOS DE LECTURA (RATIO CADA 1.000 HABITANTES)

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	10	9	8	6	4	3,5	3
Valor medio	14	8	7	5	4	4	8
Equivalencia estándar nº postos	20	18-45	40-80	60-120	80-200	175-350	300
Estándar 2016	-	20	40	75	110	150	200
Opinión est.2016	Bo	Bo	Bo	Bo	Bo	Alto	Baixo

4.3. DIXITALIZACIÓN

No contexto dixital actual, os servizos bibliotecarios deben avanzar ao abeiro da tecnoloxía. Nesta liña, a IFLA/UNESCO destacou no seu reporte anual de 2014³² a importancia das bibliotecas como facilitadores da alfabetización dixital para a cidadanía e do libre acceso aos recursos dixitais de balde.

4.3.1. Postos informatizados

A media nacional no ano 2019 sitúase en 0,6 ordenadores de uso público dispoñibles nas bibliotecas por cada 1.000 habitantes. Galicia acada unha ratio de 0,7 ordenadores de uso público por cada 1.000 habitantes, situándose por riba da media nacional.³³.

Porén, é importante introducir novos elementos de valoración. Nun contexto no que o uso de ordenadores portátiles e outros dispositivos electrónicos, teléfonos móbiles e tabletas, é cada vez máis xeneralizado, o acceso aos medios dixitais nunha biblioteca non se facilita únicamente a través de postos dotados cun ordenador, senón tamén mediante acceso a puntos de carga desde os que poder empregar os dispositivos propios das persoas usuarias.

Polo tanto, para establecer o estándar tivéronse en conta como postos informatizados a suma dos ordenadores, as baterías portátiles e as mesas electrificadas que conteña a biblioteca ou as súas instalacións anexas, tales como as aulas municipais de informática, as aulas CEMIT e outros equipamentos.

³² IFLA, Annual Report 2014: <https://cutt.ly/KIYlagR>

³³ Ordenadores de uso público segundo a publicación *Bibliotecas Españolas en cifras* do Ministerio de Cultura y Deporte <https://cutt.ly/7IYUQBp>

O estándar resultante é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA OS POSTOS INFORMATIZADOS (POR CADA 1.000 HABITANTES)

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	2,5	2	1,5	1,5	1,5	1,0	0,8
Media	7	4	2	1	1	0,8	1,6
Equivalencia estándar nº postos	5	4-10	7,5-15	15-30	35-75	50-100	80
Estándar 2016	-	7	16	20	25	40	45
Opinión est.2016	Bo	Bo	Bo	Bo	Alto	Bo	Baixo

4.3.2. Dispositivos electrónicos para o préstamo (tabletas, portátiles e lectores de libro electrónico)

De forma complementaria aos postos informatizados, as bibliotecas empiezan a reducir a fenda dixital ampliando o coñecemento da tecnoloxía móvil entre as persoas usuarias, posibilitando o acceso a estes dispositivos a toda a poboación. É así que comezou o préstamo de dispositivos como tabletas, lectores de libro electrónico ou ordenadores portátiles.

Neste punto non se establece un estándar numérico, pero si a existencia do servizo para o préstamo en todos os tramos poboacionais.

4.3.3. Servizos (ofimática, conexión wifi, impresoras e auto préstamo)

Este estándar non se fixa a través de datos de carácter cuantitativo. Establécese en función da existencia de servizos como a conexión WIFI, impresoras e ou paquetes de software nos servizos bibliotecarios.

Pola súa parte, o servizo de auto préstamo permite prestar e devolver os exemplares sen ter que pasar polo mostrador, o que implica rapidez no servizo, autonomía e privacidade. Este servizo só se requirirá naqueles concellos de máis de 50.000 habitantes.

4.3.4. Capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias

En pro dunha redución da fenda dixital, é esencial que as bibliotecas realicen accións orientadas á capacitación en competencias dixitais das persoas usuarias.

Para medir a situación de cada concello ao respecto, créase un indicador a través de dous ítems. A puntuación máxima que se poderá obter será 1, o que reflectirá que se trata dun servizo bibliotecario que emprende accións e apoio individualizado para a capacitación dixital e a mellora das competencias dixitais das persoas usuarias.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE CAPACITACIÓN DIXITAL

ÍTEM	PESO
Accións formativas para a capacitación en competencias dixitais das persoas usuarias	0,5
Apoio individualizado para mellorar a actuación das persoas usuarias no eido dixital	0,5

Segundo a ponderación obtida e o estrato poboacional no que se clasifique o concello, o estándar resultante será o seguinte:

ESTÁNDAR PARA A CAPACITACIÓN DIXITAL E APOIO ÁS PERSOAS USUARIAS

Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	Non aplica	0,5	0,5	0,5	0,5	1
Valor medio	0,58	0,53	0,40	0,44	0,47	0,63

4.4. CONDICIÓNNS DE APERTURA

Para proporcionar o mellor acceso posible aos servizos, a biblioteca debe ofrecer o horario más práctico para poder atender a toda a cidadanía.

Por iso, establecése, segundo a segmentación poboacional de cada concello, un estándar coas horas de apertura semanal.

ESTÁNDAR PARA AS CONDICIÓNNS DE APERTURA (HORAS SEMANAIS)

Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	20	25	30	35	55	90
Valor medio	26,6	32,4	37,9	55,6	100,1	118,3
Estándar 2016	-	20	25	30	35	40
Opinión est.2016	Bo	Bo	Bo	Bo	Alto	Bo
						Baixo

Segundo se desprende dos resultados da Enquisa de opinión ao persoal bibliotecario sobre o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia 2016 realizada ao persoal bibliotecario, o 72,8% considerou adecuado o estándar vixente de horario establecido e o 21,2% lixeiramente ou excesivamente baixo, acumulando o 94,0% das respostas.

En consecuencia, mantense o estándar nos mesmos termos que no I Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia agás no referente aos tramos poboacionais más altos, tendo en conta que as horas de apertura ao público computánse no conxunto do concello e non para cada biblioteca. Deste xeito, os concellos de máis de 20.000 habitantes, que teñen a obriga de prestar os servizos de forma descentralizada ven incrementado o estándar xa que deben contar, como mínimo, con dúas bibliotecas³⁴.

4.5. RECURSOS HUMANOS

O persoal é un factor clave para o éxito do servizo bibliotecario. A calidade dos servizos prestados dependerá en gran medida da súa formación permanente e dun axeitado dimensionamento.

O estándar establece a dotación mínima de persoal en función dos segmentos poboacionais. Tamén se establece a dotación mínima de persoal técnico (persoal dos grupos A1, A2 ou equivalente), únicamente para os concellos de máis de 10.000 habitantes.

Debe subliñarse que en todos os casos o número de efectivos refírese a traballadores equivalentes a tempo completo.

Segundo se desprende da Enquisa de opinión ao persoal bibliotecario, o 47,3% declara que non se axustaría ao estándar definido no I Mapa, polo que é preciso adecuar o estándar actual á realidade galega.

Cabe destacar, con todo, que o 12,4% das entidades titulares das bibliotecas públicas galegas incorporaron melloras ao respecto desde entón.

ESTÁNDAR PARA O PERSOAL TOTAL

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	1	1	1,5	2,5	5	15	30
Valor medio	0,9	1,1	1,4	2,4	5,2	28,4	60,7
Estándar 2016	-	2	2	4	6	10	13
Opinión est.2016	Bo		Bo	Bo	Bo	Bo	Bo
							Baixo

³⁴ Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

ESTÁNDAR PARA O PERSOAL TÉCNICO

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	Non aplica	Non aplica	Non aplica	0,5	1	3,3	7,5
Valor medio	0,32	0,32	0,35	0,63	1,20	6,5	17,3

ESTÁNDAR PARA A % DO PERSOAL TÉCNICO

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	Non aplica	Non aplica	Non aplica	20%	20%	22%	25%
Valor medio	31,6%	28,3%	24,6%	30,6%	25,7%	22,7%	26,8%

ESTÁNDAR PARA A RATIO DE ACCIÓNS FORMATIVAS POR TRABALLADOR/A

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Valor medio	1,20	2,31	0,88	1,11	0,63	0,30	0,56
Desv. típica	3	10,9	1,4	1,4	1	0,2	0,1

Estes últimos datos (acción formativa por persoa traballadora) poden parecer elevados en relación ao estándar, porén existen datos disonantes entre si, polo que a desviación típica é elevada e, polo tanto, a media non ofrece información significativa debido a casos excepcionais que ofrecen valores moi elevados (neste caso, no tramo poboacional de 2.000 a 5.000 habitantes).

4.6. FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS Á BIBLIOTECA

As condicións materiais de acceso ás bibliotecas públicas son esenciais para garantir que o conxunto da cidadanía poida desprazarse ata elas. É importante a existencia de aparcadoiros nas inmediacións, así como paradas de autobús próximas ou aparcadoiros de bicicletas ou patinetes.

Calculase un indicador que permita saber se o servizo bibliotecario conta coas medidas e medios necesarios para que o acceso ao mesmo estea garantido.

A puntuación acadada polo indicador variará entre 0 e 1, segundo a dispoñibilidade dos seguintes elementos:

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS

ÍTEM	PESO
Prazas de aparcadoiro rápido reservadas	0,1
Descontos en aparcadoiros públicos	0,1
Aparcadoiro públicos nas inmediacións	0,3
Paradas de autobús a menos de 15 minutos andando	0,4
Aparcadoiro para bibliotecas e patinetes	0,1

Como se pode ver polo factor de ponderación, darase prioridade á existencia de paradas de autobús preto da biblioteca, coa intención de potenciar o transporte público sobre o privado. O Obxectivo 11 da Axenda 2030³⁵, busca crear cidades e comunidades sostibles, polo que é importante reducir a contaminación atmosférica promovendo a utilización dos medios de transporte público.

Este estándar non se aplicará nos concellos que teñan unha poboación por debaixo dos 20.000 habitantes, que adoitan empregar outro tipo de medidas para solucionar os problemas de mobilidade, tales como autobuses e taxis a demanda ou mesmo a través da implantación doutro tipo de solucións de mobilidade.

ESTÁNDAR PARA A FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS

Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica	0,5	0,6
Valor medio	0,6	0,61	0,65	0,62	0,73	0,60

4.7. ACCESIBILIDADE PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As bibliotecas, como fonte de acceso á cultura e á información, supoñen un ben incuestionable e unha ferramenta indispensable para o desenvolvemento intelectual das persoas.

A Rede de bibliotecas públicas de Galicia ten o obxectivo de lograr a igualdade e garantir que todas as persoas poidan acceder aos servizos, promovendo a inclusión nestes espazos das persoas con discapacidade.

³⁵ A axenda 2030 persigue os obxectivos de alcanzar a igualdade entre as persoas, protexer o planeta e asegurar a prosperidade. Na seguinte ligazón pódese acceder a máis información: <https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/index.htm>

Neste contexto, valórase o grao no que os servizos bibliotecarios resultan accesibles para as persoas con discapacidade, entendendo a accesibilidade como un concepto amplo, que abarca tanto aspectos físicos, como sociais e culturais.

A consecución destes obxectivos tradúcese en crear espazos seguros, que garantan a accesibilidade, para o que deberán contar con infraestruturas e equipamentos accesibles, unha colección adaptada ás diferentes capacidades, accións de dinamización orientadas a cubrir as necesidades especiais das persoas con discapacidade e un persoal formado que poida dar servizo a estas persoas usuarias. Para cada unha destas dimensións créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación dos servizos ao estándar establecido.

4.7.1. Accesos adaptados

As bibliotecas públicas de Galicia deben contar con accesibilidade universal, é dicir, que o seu contorno, produtos e servizos estean adaptados a todas as persoas, independentemente de calquera característica física, sensorial ou intelectual, para permitir que estas poidan achegarse sen dificultades ás bibliotecas.

A puntuación acadada neste indicador variará entre 0 e 1 en función da puntuación obtida nos seguintes ítems:

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE ACCESOS ADAPTADOS

ÍTEM	PESO
Transporte público adaptado	0,3
Itinerarios peonís seguros libres de obstáculos	0,3
Prazas de aparcamento específicas ou reservadas para persoas con discapacidade	0,3
Outras medidas	0,1

O estándar ao que deben adecuarse os servizos bibliotecarios en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA OS ACCESOS ADAPTADOS

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,3	0,3	0,3	0,6	0,6	0,6	0,7
Valor medio	0,30	0,34	0,33	0,46	0,52	0,60	0,70

4.7.2. Espazos accesibles

En lugar de deseñar contornos específicos para as persoas con discapacidade, pártese do principio de concibir espazos que poidan ser utilizados por toda a cidadanía, independentemente das súas características persoais.

Neste sentido, as bibliotecas deberán permitir que as persoas usuarias poidan desenvolverse en calquera actividade con autonomía, para o que resulta fundamental evitar deseños que supoñan un obstáculo ou barreira.

Establecerase unha relación entre o mobiliario e o espazo coas diferentes discapacidades sensoriais, auditiva, visual e táctil, a discapacidade cognitiva e as capacidades funcionais, idade, altura, volume corporal... que concorran en cada persoa e adaptalos para construír espazos accesibles.

A puntuación acadada polo indicador de espazos accesibles variará entre 0 e 1 en función da puntuación obtida nos seguintes ítems:

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE ESPAZOS ACCESIBLES

ÍTEM	PESO
Accesos ao edificio a través de rampla ou cota 0	0,15
Porta de entrada adaptada	0,15
Sinalización tacto-visual adaptada para garantir a accesibilidade física, visual, auditiva e cognitiva	0,05
Aseos adaptados	0,15
Mobiliario adaptado	0,05
Ausencia de barreiras que impidan a deambulación	0,15
Corredores libres de obstáculos	0,15
Comunicacións verticais accesibles (escaleiras, salva-escaleiras, ascensor con boteira adaptada...)	0,1

O estándar ao que deben adecuarse os servizos bibliotecarios en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA OS ESPAZOS ACCESIBLES

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,75	0,75	0,75	0,75	0,75	0,75	0,75
Valor medio	0,65	0,60	0,57	0,64	0,80	0,68	0,73

4.7.3. Equipamento accesible

Para garantir a accesibilidade universal non só se necesitará facilitar o acceso ao edificio e contar con contornos seguros, senón tamén dispoñer de medios, dispositivos e recursos que lles permitan ás persoas usuarias con discapacidade acceder aos contidos de forma autónoma.

Créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación dos servizos bibliotecarios en función dos equipamentos dispoñibles. A puntuación acadada polo indicador de espazos accesibles variará entre 0 e 1.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE EQUIPAMENTO ACCESIBLE

ÍTEM	PESO
Ordenadores con rato ou teclado adaptados	0,2
Pasa páxinas	0,1
Recursos braille	0,1
Teléfono de texto	0,1
Lupas televisión, lupas electrónicas, etc.	0,1
Monitores de gran tamaño	0,1
Webcam para lingua de signos	0,1
Lectores de pantalla	0,1
Outros	0,1

O estándar ao que deben adecuarse en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA O EQUIPAMENTO ACCESIBLE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,1	0,2	0,2	0,3	0,4	0,4	0,5
Valor medio	0,03	0,03	0,01	0,05	0,07	0,13	0,40

4.7.4. Colección adaptada para persoas con discapacidade

Unha colección accesible é aquela que permite acceder ao seu contido a todas as persoas usuarias sen excepción, ofrecendo a opción de elixir entre distintos formatos para un mesmo documento.

Crearase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación de cada servizo bibliotecario en función da colección adaptada da que dispoña.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE COLECCIÓN ADAPTADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ÍTEM	PESO
Libros de lectura fácil	0,4
Audiolibros	0,2
Obras adaptadas e traducidas en lingua de signos	0,1
Obras en braille	0,1
Libros en pictogramas	0,2

O estándar ao que deben adecuarse os concellos é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA A COLECCIÓN ADAPTADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,2	0,3	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7
Valor medio	0,21	0,24	0,39	0,43	0,62	0,80	0,87

4.7.5. Accións de dinamización específicas para a atención á diversidade

Unha vez superadas as barreiras físicas para o acceso á biblioteca e o acceso ao contido, débense abordar outros aspectos de índole social.

As accións de dinamización nas bibliotecas públicas resultan moi útiles para impulsar o uso dos seus servizos por parte das persoas usuarias con discapacidade, ademais de servir para crear un espazo de socialización.

Créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación dos servizos bibliotecarios en función das accións de dinamización específicas para a atención á diversidade que planifica, á parte do resto das accións abertas e accesibles para todos os públicos e capacidades.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍTEM	PESO
Ofrecen clubs de lectura para persoas con discapacidade	0,4
Ofrecen outras accións de dinamización específicas	0,4
Ofrecen máis de 3 accións de dinamización	0,1
Ofrecen máis de 5 accións de dinamización	0,1

O estándar ao que deben adecuarse en función do tamaño do concello é este:

ESTÁNDAR PARA AS ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,5	0,6
Valor medio	0,01	0,01	0,04	0,03	0,09	0,15	0,33

4.7.6. Persoal con formación específica para a atención ás persoas usuarias con discapacidade

Para garantir unha integración social axeitada das persoas con discapacidade, as aptitudes e as actitudes das persoas coas que interactúan é esencial. O obxectivo é o de conseguir un contacto eficaz que permita á persoa usuaria recibir un trato satisfactorio.

Por iso, é importante que o persoal que atende a biblioteca estea formado na atención á discapacidade.

Créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación que ten o persoal da biblioteca en función da súa formación para a atención ás persoas usuarias con capacidades e funcionalidades diversas. A puntuación acadada variará entre 0 e 1.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE PERSOAL CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS CON DISCAPACIDADE

ÍTEM	PESO
Coñece a lingua de signos	0,5
Está formada na atención á diversidade	0,5

O estándar ao que deben adecuarse os servizos bibliotecarios en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA PERSOAL CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS CON DISCAPACIDADE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica	0,5	0,5	0,5
Valor medio	0,36	0,39	0,43	0,52	0,40	0,38	0,83

4.8. ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN PARA A POBOACIÓN

Enténdense por accións de dinamización aquelas actividades encamiñadas a cumplir o obxectivo xeral de fomentar a lectura a través de actividades vinculadas aos intereses dos distintos colectivos, que faciliten o achegamento aos espazos bibliotecarios.

A través das preténdese fortalecer o papel dos servizos bibliotecarios como espazos de relación, abertos e participativos, e como axentes facilitadores da aprendizaxe permanente; promover o desenvolvemento cultural como vehículo para o crecemento persoal e colectivo; valorar o libro e fomentar a lectura como elemento de igualdade, de transmisión de coñecemento, da capacidade crítica e de reflexión.

Créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación dos servizos bibliotecarios en función das accións de dinamización realizadas.

O estándar ao que deben adecuarse en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR PARA AS ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	10	20	30	60	120	250	500
Valor medio	21	30	33	67	154	330	1738
Desviación típica	22,5	41,6	28,1	104,3	144,3	169,9	740,6

4.9. SUSTENTABILIDADE

En sintonía cos obxectivos da Axenda 2030, os servizos bibliotecarios deben ser precursores e protexer os recursos naturais do planeta e combater o cambio climático. Para avaliar o grao de incidencia da acción dos servizos bibliotecarios de cara á consecución destes obxectivos, valórarse a adopción de solucións orientadas a garantir a sustentabilidade ambiental e o aforro enerxético.

4.9.1. Equipamentos e instalacións orientadas a garantir a sustentabilidade ambiental e aforro enerxético

As instalacións, equipamentos e recursos cos que contan os servizos bibliotecarios deben tender a minimizar o impacto ambiental a través de medidas como o aforro de auga e de electricidade, solucións de reciclaxe de residuos e solucións construtivas favorecedoras do illamento térmico.

Créase un indicador que permita coñecer o grao de adecuación das bibliotecas en función das instalacións, equipamentos e sistemas implantados. A puntuación acadada neste indicador variará entre 0 e 1.

PONDERACIÓN PARA O CÁLCULO DO INDICADOR DE SUSTENTABILIDADE

ÍTEM	PESO
Emprego de enerxías limpas	0,3
Solucións construtivas favorecedoras do illamento térmico do edificio	0,2
Solucións para o aforro de auga	0,2
Solución para reducir o uso de plásticos e outros materiais difíciles de reciclar	0,2
Sistemas para depositar o lixo de xeito separado	0,1

Tendo en conta que o compromiso coa sustentabilidade é irrenunciable, o estándar ao que deben adecuarse os servizos bibliotecarios en función do tamaño do concello é o seguinte:

ESTÁNDAR DA SUSTENTABILIDADE

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	0,1	0,2	0,2	0,3	0,3	0,4	0,5
Valor medio	0,38	0,30	0,24	0,21	0,34	0,33	0,33

4.10. ORZAMENTO

Os orzamentos reflicten o funcionamento dun servizo, como é neste caso o das bibliotecas públicas.

É por iso que é necesario definir uns estándares que aseguren que o investimento nas bibliotecas é suficiente para dotar e manter un servizo dimensionado e acorde coas características da poboación.

Xa que non existen precedentes á hora de asignar uns estándares relativos ao orzamento, o estándar fixouse con base na revisión das estatísticas anuais das bibliotecas públicas galegas³⁶.


4.10.1. investimento por habitante

O estándar reflíctese no investimento realizado por habitante, pois é un indicador de rendemento que mide a eficiencia do servizo.

A media de investimento nos concellos galegos sitúase en 8,95 euros por habitante, amosando un lixeiro incremento nos últimos anos.

³⁶ Gasto por habitante segundo a publicación *Bibliotecas Españolas en cifras* do Ministerio de Cultura y Deporte: <https://cutt.ly/lIYY7ml>

INVESTIMENTO POR HABITANTE EN GALICIA POR ANOS (EUROS)



Tendo en conta estes datos, o estándar do investimento por habitante será o que segue en función do segmento poboacional no que se atope o concello:

ESTÁNDAR DO INVESTIMENTO POR HABITANTE (EUROS)

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
Estándar	10	10	9	8	7	6	5
Valor medio	16,27	9,94	8,56	7,12	7,68	12,02	16,67
Desviación típica	17,9	5,4	3,8	3,8	4,8	2,3	9,2

A desviación típica móstranos que existe una dispersión dos datos co que respecta á media moi elevada, sobre todo nos concellos con menos de 2.000 habitantes e de máis de 100.000, polo que non só se tivo en conta a media senón tamén a exclusión de datos moi atípicos.

5. RESULTADOS

5.1. CONSIDERACIÓN XERAIS

De seguido, expóñense os resultados obtidos, reflectindo así a situación na que se atopa a rede de bibliotecas públicas de Galicia. Estes resultados permitirán identificar os aspectos que deben ser obxecto de mellora e as fortalezas, co fin de acadar os valores establecidos nos estándares no conxunto dos concellos analizados.

Trátase dunha análise da situación xeral, que complementa a avaliación individualizada de cada un dos concellos que se contén nas fichas de diagnóstico descritas no apartado 5.13 e que se recollen no anexo VI.

Para cada un dos estándares, recóllese o grao de adecuación que amosan os servizos bibliotecarios no conxunto de Galicia, por provincias e finalmente preséntanse desagregados segundo a segmentación poboacional do concello no que se sitúan as bibliotecas.

Para o cálculo da porcentaxe de adecuación global e por provincias, téñense en conta aqueles concellos para os que consta información referida ao estándar en estudo, excluíndo polo tanto do cómputo aqueles servizos dos que non se conta con datos.

Adicionalmente, na análise das porcentaxes de adecuación por tramos poboacionais, inclúese a avaliación dos concellos aos que non se aplica o estándar, co fin de amosar en que porcentaxe obteñen unha valoración alta por ter respondido positivamente.

No que respecta á análise por segmentos de poboación, é preciso ter en conta a distorsión que provoca nos segmentos máis altos (*de 50.0001 a 100.000 habitantes e más de 100.000 habitantes*) o feito de que estes conxuntos estean formados únicamente por catro concellos no primeiro caso (Ferrol, Santiago, Lugo e Pontevedra) e tres no segundo (A Coruña, Ourense e Vigo). Este escaso número, sumado a que as diferenzas no servizo bibliotecario entres as cidades dun mesmo grupo son salientables, fai que a dispersión dos datos sexa moi elevada e, en consecuencia, que os valores medios de cada segmento non reflictan a realidade de forma adecuada.

5.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS. VISIÓN GLOBAL

Para a análise pormenorizada do grao de adecuación aos estándares preséntase, en primeiro lugar, unha visión xeral do grao de cumprimento que nos permite coñecer cales son os indicadores con maior e con menor grao de adecuación.

Considérase que acadan un bo grao de adecuación aos estándares aqueles concellos nos que os servizos bibliotecarios obteñen uns niveis de idoneidade

adequado ou alto. Pola contra, considérase que non se axustan aos estándares aqueles concellos con servizos bibliotecarios que obteñen uns niveis de adecuación baixo ou moi baixo.

O estándar referido aos accesos, denominado **facilidade de acceso das persoas usuarias á biblioteca** é o que obtén un maior grao de adecuación. Case a totalidade dos concellos que dispoñen de servizo bibliotecario contan cos ítems que componen o indicador, polo que se pode concluír que a facilidade de acceso aos servizos bibliotecarios galegos está garantida.


No estándar referido aos espazos nos que se prestan os servizos bibliotecarios, o indicador referido a se os servizos están dotados cunha **sala infantil**, é o estándar co segundo maior grao de cumprimento en Galicia.

Porén, os dous estándares anteriores teñen en común que non teñen establecido un valor mínimo para todos os rangos de poboación, xa que se aplican únicamente nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

Se atendemos aos estándares de aplicación xeral, o que obtén un maior grao de adecuación é o de **condicións de apertura (horas semanais)**, que acadan nun nivel satisfactorio o 89,3% dos concellos. En segundo lugar está o indicador relativo á **wifi**, correspondente ao estándar de servizos dixitais, cun 88,4%, e o que mide a **ratio de postos de lectura por cada 1.000 habitantes**, que é alcanzado polo 81,4% do censo.

Completan o grupo dos cinco estándares con maior grao de adecuación, xa por debaixo do 80% dos concellos, o **total da colección**, acadado por un 77,7% dos concellos e finalmente outro dos indicadores que componen o estándar de servizos para a dixitalización, referido á **dispoñibilidade de impresoras**, cun 77,2%.

ESTÁNDARES CON MAIOR GRAO DE ADECUACIÓN (VALORES MÁIS ALTOS NA SUMA DOS GRAOS DE ADECUACIÓN ALTO + ADECUADO)




Polo que se refire aos estándares nos que o grao de adecuación é menor, atópanse varios ítems relacionados coa **accesibilidade para as persoas usuarias con discapacidade**, como a promoción de **accións de dinamización específicas para a atención á diversidade**, coa disposición de **equipamento accesible** para todas

as persoas usuarias ou coa dotación dunha **colección adaptada para persoas con discapacidade**. Estes indicadores teñen en común que son de nova incorporación como estándares do Mapa e tampouco formaban parte da estatística anual, polo que os concellos con servizo bibliotecario nunca se lles solicitara antes datos sobre a disposición destes servizos.

Tamén se engloban entre os ítems que obteñen menor adecuación a dispoñibilidade de **dispositivos electrónicos para o préstamo** (correspondente ao estándar referido á dixitalización dos servizos) e as **accións formativas por traballador/a**, dentro do estándar de recursos humanos.

ESTÁNDARES CON MENOR GRAO DE ADECUACIÓN
(VALORES MÁIS BAIXOS NA SUMA DOS GRAOS DE ADECUACIÓN ALTO + ADECUADO)



5.3. COLECCIÓN

5.3.1. Total da colección

O total da colección dos concellos da rede de bibliotecas públicas de Galicia analizados consta de 6.614.922 exemplares.


O 77,7% dos concellos con servizo de biblioteca pública de Galicia dispoñen da colección total establecida no estándar. Tan só o 9,3% se adecúan de forma baixa ou moi baixa ao estándar.

Por provincias, a da Coruña é a que mellor se axusta ao estándar, mentres que os niveis de adecuación baixos son más habituais nos concellos situados na provincia de Pontevedra.


Se atendemos á segmentación poboacional dos concellos, existe unha gran oscilación entre os resultados duns concellos e outros. Se non temos en conta os dous estratos más elevados (cun numero menor de concellos), obsérvase que canto menor é o tamaño poboacional do concello, maior é o grao de adecuación ao estándar sobre o total da colección.

COLECCIÓN TOTAL
6.614.922 EXEMPLARES
2,6 DOCUMENTOS POR HABITANTE


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
TOTAL DA COLECCIÓN**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: TOTAL DA COLECCIÓN
POR PROVINCIAS**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: TOTAL DA COLECCIÓN
POR SEGMENTO POBOACIONAL**




Ratio de documentos por habitante

Se atendemos á ratio de documentos por habitante, a media para o total de Galicia é de 2,6, é dicir, que cada galego ten ao seu dispoñer o equivalente a 2,6 documentos nas bibliotecas públicas. Por provincias, A Coruña e Lugo acadan os maiores valores, mentres que Pontevedra é a que ten unha menor ratio, do 2,31.

Analizando os valores que ofrece cada concello individualmente, vemos que de media acadan 3,6 documentos por habitante. Ourense é a provincia na que os concellos presentan unha ratio máis alta. Pontevedra é a provincia cuxos concellos presentan unha ratio de documentos por habitante máis baixa.

O anterior é consecuencia de que aqueles concellos cunha poboación máis grande teñen unha menor ratio de documentos por habitante, o que é coherente cos estándares establecidos.




5.3.2. Fondo dirixido ao público infantil

Na análise do fondo dirixido ao público infantil, o 75,9% dos concellos con servizo bibliotecario adecuánse ao estándar definido, mentres que o 17,4% obteñen graos de adecuación baixos ou moi baixos.


Por provincias, Lugo e Pontevedra son as que mellor se adecuán ao estándar cun grao do 84,6% e 78,6% respectivamente. Se atendemos á segmentación poboacional dos concellos, os tramos centrais (de 10.001 a 50.000 habitantes) son os que amosan un maior grao de adecuación.

FONDO INFANTIL
1.553.482 EXEMPLARES
23,5% DO TOTAL DA COLECCIÓN


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
FONDO DIRIXIDO AO PÚBLICO INFANTIL**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FONDO DIRIXIDO AO PÚBLICO INFANTIL
POR PROVINCIAS**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FONDO DIRIXIDO AO PÚBLICO INFANTIL
POR SEGMENTO POBOACIONAL**



5.3.3. Fondo en lingua galega

Outra variable analizada é o fondo en lingua galega. O criterio para establecer o estándar para todas as bibliotecas é do 30% dos exemplares da colección, permitindo unha desviación de $\pm 5\%$.

O establecemento dun estándar elevado -co obxectivo de que sirva de estímulo para a mellora- implica inevitablemente que o nivel de adecuación non sexa alto. Tamén é preciso ter en conta que, a diferenza dos outros estándares, os niveis fixados para determinar a adecuación a este estándar só teñen tres graos (alto, adecuado e baixo), separados entre si por tan só 5 puntos porcentuais, o que ten como consecuencia que pequenas desviacións impliquen un cambio de nivel.

Un dato que merece atención é o levado número de concellos para os que non existe información sobre este indicador, xa que nun total de 30 entidades os seus servizos bibliotecarios non respondieron este ítem na enquisa de recollida de datos para a estatística anual.

Cos datos dispoñibles, da análise desta variable despréndese que o 18,5% dos exemplares que componen a totalidade da colección da rede de bibliotecas públicas de Galicia están en galego. Segundo estes datos, o 55,1% dos concellos estudados axústanse ao estándar.

O 44,9% dos concellos analizados presenta un grao de adecuación baixo a este estándar. Sen prexuízo da necesidade de realizar un estudio más rigoroso sobre as causas desta baixa proporción, pódense avanzar dous factores que en parte poden explicala. Un é a da existencia de fondo antigo, fondos especiais, procedentes de coleccións particulares, doazóns... que merecen especial interese e deben ser conservados, pero que pola súa orixe non podían conter exemplares en galego ou, en calquera caso, a súa composición non obedece ao criterio de selección da propia biblioteca senón da persoa ou institución da que proceden. Esta circunstancia é máis relevante nas bibliotecas das cidades, que pola súa importancia e antigüidade son as que en maior proporción acollen este tipo de coleccións.

O outro é o derivado do depósito legal. As bibliotecas centrais territoriais de xestión autonómica reciben e custodian o depósito legal das súas respectivas provincias, o que fai que as súas coleccións estean compostas nunha parte moi importante por fondos que, igual que no caso anterior, tampouco son seleccionados pola propia biblioteca.

A importancia destes dous factores vese reflectida no feito de que son os tramos poboacionais más altos (os que comprenden as bibliotecas centrais territoriais) os que amosan un grao de adecuación menor a este estándar.

Por provincias, os graos de adecuación son moi similares, a excepción de Lugo, que destaca como a provincia con máis concellos con servizo bibliotecario que se adecuán ao estándar (67,7%).

Respecto do segmento poboacional dos concellos, non se observa unha relación directa entre o tamaño da poboación e o grao de cumprimento deste estándar.


Destacan as bibliotecas en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes pola súa correcta adecuación, mentres que todas as bibliotecas situadas en concellos con máis de 50.000 habitantes non logran adecuarse aos estándares debido aos factores antes apuntados.

FONDO EN LINGUA GALEGA


1.222.212 EXEMPLARES

18,5% DO TOTAL DA COLECCIÓN


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FONDO EN LINGUA GALEGA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FONDO EN LINGUA GALEGA POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FONDO EN LINGUA GALEGA POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.4. DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

5.4.1. Superficie útil

A superficie útil total dos servizos bibliotecarios analizados é de 98.225 m².


O 65,1% dos concellos con servizo bibliotecario adecúase ao estándar. Non hai ningún concello que se sitúe nun grao de adecuación moi baixo, aínda que o 19,5% sitúase nun grao baixo.

Por provincias, o comportamento en canto ao estándar de superficie é moi similar, sendo Lugo e Ourense as que obteñen unha maior porcentaxe de concellos que se adecúan ao estándar. A Coruña é a provincia cun maior numero de concellos que non están dentro da marxe do estándar.

Por segmentos poboacionais non se observa ningunha tendencia que relate a superficie dos servizos bibliotecarios co tamaño poboacional do concello, ofrecendo todos porcentaxes moi homoxéneas.



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SUPERFICIE ÚTIL POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.4.2. Sala infantil

Este ítem refírese á sala infantil dos servizos bibliotecarios como espazo separado e independente do resto das salas.

Dos 215 concellos con servizo bibliotecario analizados, 114 dispoñen de sala infantil, o que supón o 53,0% do total.


Na descripción dos estándares establecése que deben posuér sala infantil aqueles servizos bibliotecarios situados en concellos cunha poboación de máis de 20.000 habitantes, valorando positivamente a súa existencia nos concellos de menor tamaño. Tendo en conta que dos concellos nos que non é aplicable este estándar, case a metade conta con sala infantil, obtense unha porcentaxe de adecuación global de máis do 99%.

Por provincias, adecuánse todas ao estándar, a excepción da Coruña, que é a única que ten algúns concellos con servizo bibliotecario de 20.001 a 50.000 habitantes que non se axusta aos requisitos deste estándar.


Se analizamos os tramos de poboación, vemos que entre aqueles aos que non é aplicable este estándar existe unha clara correlación entre o tamaño da poboación e a existencia de sala infantil como espazo diferenciado, de xeito que é máis frecuente conforme o tamaño do concello aumenta.

SALA INFANTIL
114 CONCELLOS
53,0% DO TOTAL


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
 SALA INFANTIL**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SALA INFANTIL
 POR PROVINCIAS**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SALA INFANTIL
 POR SEGMENTO POBOACIONAL**



5.4.3. Postos de lectura

Os servizos bibliotecarios analizados contan cun total de 17.673 postos de lectura, o que se traduce nunha ratio de 1 posto de lectura por cada 142,5 habitantes.


O 81,4% dos concellos con servizo bibliotecario adecúase aos estándares definidos. Esta é unha das dimensións con maior grao de adeguaación.

A provincia de Lugo é a que acada mellores niveis de adeguaación, seguida por A Coruña e Ourense. Pontevedra é a provincia con máis concellos con menores niveis de adeguaación.

Por estrato poboacional, non existe ningunha correlación entre o tamaño do concello e o número de postos de lectura habilitados. No tramo de poboación máis elevado o 33% non se axusta ao estándar debido á baixa cobertura de servizo bibliotecario público que ten Vigo e, polo tanto, de postos de lectura.



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: POSTOS DE LECTURA POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.5. DIXITALIZACIÓN


5.5.1. Postos informatizados

Os servizos bibliotecarios ofrecen un total de 4.156 postos informatizados, o que supón 1,7 postos dixitais por cada mil habitantes. No que se refire ao grao de adecuación a este estándar, o 59,1% dos concellos con servizo bibliotecario sitúase nos niveis adecuados ou altos, mentres que 33,0% dos concellos atópase nos niveis baixos ou moi baixos.


Ourense é, con diferenza, a provincia que obtén mellores graos de adecuación, situándose a de Pontevedra no extremo oposto. Por tamaño poboacional (excluíndo as categorías de máis de 50.000 habitantes, que só recollen sete concellos), o grao de adecuación á dixitalización aumenta a medida que diminúe o número de habitantes.

POSTOS INFORMATIZADOS
4.156 POSTOS INFORMATIZADOS
1,7 POSTOS POR CADA 1.000 HABITANTES


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: POSTOS INFORMATIZADOS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: POSTOS INFORMATIZADOS POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: POSTOS INFORMATIZADOS POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.5.2. Dispositivos electrónicos para o préstamo

Os dispositivos electrónicos para o préstamo son aqueles que as persoas usuarias dos servizos bibliotecarios da rede poden utilizar, ben nas instalacións dos servizos ou ben nos seus domicilios. Son equipos informáticos portátiles, tabletas e outros. O 24,7% dos concellos analizados contan con este tipo de servizo.


Neste caso, o estándar non se refire ao número de dispositivos dispoñibles senón á existencia deste servizo, polo que a adecuación só contempla dous niveis, adecuado (dispoñen de dispositivos para o préstamo) ou baixo (non dispoñen deles).

A provincia de Lugo é a que conta cun maior número de servizos bibliotecarios que contan con dispositivos electrónicos para o préstamo, situando a Ourense como a provincia cun menor número de bibliotecas que ofrecen esta posibilidade.


Todas as bibliotecas situadas en concellos con máis de 50.000 habitantes dispoñen de dispositivos electrónicos para o préstamo, reducíndose o número de bibliotecas con este servizo nos tramos máis pequenos.

DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS PARA O PRÉSTAMO
53 CONCELLOS
24,7% DO TOTAL


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS PARA O PRÉSTAMO**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS PARA O PRÉSTAMO
POR PROVINCIAS**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS PARA O PRÉSTAMO
POR SEGMENTO POBOACIONAL**



5.5.3. Outros servizos dixitais

A conexión WIFI, as impresoras, as máquinas de autopréstamo e os paquetes de ofimática conforman o ítem denominado servizos, entre todos aqueles servizos que componen o estándar sobre a dixitalización dos servizos bibliotecarios. Cabe destacar que as máquinas de autopréstamo só están definidos nos estándares para os concellos con mais de 50.000 habitantes.


Destes, aquel no que mellor grao de adecuación presentan os concellos galegos é o referido á conexión WIFI e o servizo de autopréstamo, mentres que os paquetes de ofimática son as prestacións nas que acadan un menor nivel de adecuación os concellos con servizo bibliotecario obxecto desta análise.


Os graos de adecuación son similares tanto por provincias como por segmentos poboacionais. Pódese destacar que os concellos con servizo bibliotecario situados na provincia de Lugo son os que amosan un grao de adecuación menor polo que respecta aos paquetes de ofimática, e na provincia de Pontevedra sucede algo similar co servizo de impresoras.

En canto aos distintos tramos de poboación, no tocante á wifi, se ben o grao de adecuación é en xeral adecuado, as porcentaxes son maiores canto más grandes son os concellos, sen que noutros indicadores se aprecie esta correlación.





MÁQUINAS AUTOPRÉSTAMO	36 CONCELLOS	16,7% DO TOTAL
WIFI	190 CONCELLOS	88,4% DO TOTAL
IMPRESORAS	166 CONCELLOS	77,2% DO TOTAL
OFIMÁTICA	120 CONCELLOS	55,8% DO TOTAL

GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: OUTROS SERVIZOS DIXITAIS






GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: OUTROS SERVIZOS DIXITAIS POR PROVINCIAS




GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: OUTROS SERVIZOS DIXITAIS POR SEGMENTO POBOACIONAL

AUTOPRÉSTAMO




■ Alto ■ Adecuado ■ Medio ■ Baixo ■ Moi baixo □ Non applicable

WIFI




■ Alto ■ Adecuado ■ Medio ■ Baixo ■ Moi baixo

IMPRESORAS



■ Alto ■ Adecuado ■ Medio ■ Baixo ■ Moi baixo

OFIMÁTICA



■ Adecuado ■ Baixo



5.5.4. Capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias

O estándar de capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias compouse de dous indicadores: accións formativas para a capacitación en competencias dixitais das persoas usuarias e apoio individualizado para mellorar a actuación das persoas usuarias no eido dixital.


No 31,2% dos concellos analizados ofréncense accións formativas dirixidas ás persoas usuarias para a capacitación en competencias dixitais nos servizos bibliotecarios. Tamén cabe destacar que no 68,4% ofrécese apoio individualizado aos usuarios, o que contribúe á redución da fenda dixital.

Este estándar definiuse para ser aplicado nos concellos con máis de 2.000 habitantes. O 73,0% dos concellos analizados adecúanse ao estándar de capacitación dixital.


A provincia de Ourense é a que recolle unha maior porcentaxe de concellos que se adecúan ao estándar (81,8%); mentres que a de Pontevedra rexistra un 66,7% de concellos con servizo de bibliotecas cun grao de adeguação axeitado. Por segmento poboacional, os tramos centrais obteñen porcentaxes similares.



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: CAPACITACIÓN DIXITAL E APOIO ÁS PERSOAS USUARIAS POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: CAPACITACIÓN DIXITAL E APOIO ÁS PERSOAS USUARIAS POR SEGMENTO POBOACIONAL




5.6. CONDICIÓNNS DE APERTURA

Os servizos bibliotecarios analizados abren unha media de 45 horas semanais. O estándar sobre as condicións de apertura é unha das dimensións que acada un maior grao de adecuación en todo o territorio. Concretamente, o 89,3% dos concellos con servizo bibliotecario adecúanse ao estándar.


Por provincias, o grao de adecuación é similar e por segmentación poboacional destanquen positivamente os concellos entre 10.001 e 50.000 habitantes.

**CONDICÓNS DE APERTURA
MEDIA DE 45 HORAS SEMANAIS**


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
CONDICÓNS DE APERTURA**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: CONDICÓNS DE APERTURA
POR PROVINCIAS**



**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: CONDICÓNS DE APERTURA
POR SEGMENTO POBOACIONAL**



5.7. RECURSOS HUMANOS

5.7.1. Cadro de persoal


O conxunto dos servizos bibliotecarios analizados contan cun cadro de persoal total equivalente a 636,1 persoas traballadoras a tempo completo, o que se traduce nunha media de 0,25 empregados/as por cada 1.000 habitantes. Destes, 170 teñen a categoría de técnico/a.

O 63,7% dos concellos con servizo bibliotecario presentan unha boa adecuación ao estándar do persoal total. Polo que se refire ao estándar do persoal técnico, o 83,3% dos concellos con servizos bibliotecarios presentan unha boa adecuación. O estándar do persoal técnico só se define para os concellos cunha poboación de máis de 10.000 habitantes.


Entre provincias os resultados son moi similares nos dous estándares. Por tramos poboacionais, todos os servizos bibliotecarios dos concellos con máis de 50.000 habitantes axústanse a ambos estándares.

PERSOAL TOTAL	
636,1 TRABALLADORES/AS EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	
0,25 TRABALLADORES/AS POR CADA 1.000 HABITANTES	
PERSOAL TÉCNICO	
170 TRABALLADORES/AS EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	
26,7% DO CADRO DE PERSOAL	


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
PERSOAL TOTAL**




**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
PERSOAL TÉCNICO**




**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL TOTAL
POR PROVINCIAS**




GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL TÉCNICO POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL TOTAL POR SEGMENTO POBOACIONAL



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL TÉCNICO POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.7.2. Accións formativas destinadas ao persoal

En 2019 o persoal participou nun total de 401 accións formativas (computando como unha acción formativa cada acción na que participa unha persoa traballadora), o que sitúa a ratio en 0,6 accións formativas por persoa traballadora. No 47,9% dos concellos con servizo bibliotecario o seu persoal participou nalgúnha acción formativa.


Pola contra, o 51,6% dos concellos de Galicia con servizos bibliotecarios amosan valores moi baixos de adecuación ao estándar de accións formativas por persoa

traballadora. É o estándar que reúne os graos de adecuación máis baixos en comparación co resto.


Tanto por provincias como por segmento poboacional os resultados amosados son moi similares, agás no caso dos concellos de máis de 100.000 habitantes que acadan un grao de adecuación ao estándar do 100%.

ASISTENCIA A ACCIÓNS FORMATIVAS 401 ASISTENCIAS 0,6 ACCIÓNS FORMATIVAS POR TRABALLADOR/A


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O PERSOAL



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O PERSOAL POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O PERSOAL POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.8. FACILIDADE DE ACCESO DAS PERSOAS USUARIAS Á BIBLIOTECA

O estándar para a facilidade de acceso das persoas usuarias á biblioteca componse a través dos seguintes ítems: aparcadoiros públicos nas inmediacións, prazas de aparcadoiro rápido reservadas, descontos en aparcadoiros, paradas de autobús e aparcadoiros para bicicletas e patíns.

Este estándar defínese para os servizos bibliotecarios dos concellos de máis de 20.000 habitantes.


O 85,1% dos concellos con servizo bibliotecario dispoñen de aparcadoiro público nas inmediacións e o 76,2% de parada de autobús a menos de 15 minutos andando. Pola contra, só o 3,3% dos concellos ofrecen descontos en aparcadoiros públicos e un 15,8% conta con prazas de aparcadoiro rápido reservadas.

En xeral, os resultados amosan un bo grao de adecuación por parte da rede de bibliotecas públicas de Galicia, onde case a totalidade (99,5%) dos concellos con servizo bibliotecario se adecúan correctamente ao estándar.


Por provincias, os datos son moi similares. Todas as provincias acadan o 100% de bibliotecas que se axustan ao estándar, a excepción de Pontevedra, cun 1,9% de servizos que posúen valores moi baixos. Por tramos poboacionais, o único segmento que non se adecúa ao estándar é o dos concellos de 50.001 a 100.000 habitantes, no que a cidade de Pontevedra representa o 25% dos concellos con valores moi baixos.

APARCADOIRO RÁPIDO
34 CONCELLOS
15,8% DO TOTAL
<hr/>
DESCONTOS APARCADOIROS
7 CONCELLOS
3,3% DO TOTAL
<hr/>
APARCADOIRO PÚBLICO
183 CONCELLOS
85,1% DO TOTAL
<hr/>
PARADAS BUS
164 CONCELLOS
80,4% DO TOTAL
<hr/>
APARCADOIRO BICIS E PATÍNS
82 CONCELLOS
38,1% DO TOTAL


**GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR:
FACILIDADE DE ACCESO Á BIBLIOTECA**



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FACILIDADE DE ACCESO Á BIBLIOTECA POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: FACILIDADE DE ACCESO Á BIBLIOTECA POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.9. ACCESIBILIDADE PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A accesibilidade para as persoas con discapacidade mídese a través de cinco estándares. Son os seguintes: accesos adaptados, espazos accesibles, equipamento accesible, colección adaptada, accións de dinamización específicas para a atención á diversidade e persoal con formación específica en atención á diversidade.

5.9.1. Accesos adaptados

O indicador de accesos adaptados fai referencia á facilidade de acceso ao servizo bibliotecario para todas as persoas usuarias, independentemente das súas capacidades físicas ou sensoriais. O 53,0% dos concellos con servizo bibliotecario dispoñen nas súas inmediacións de itinerarios peonís seguros libres de obstáculos e o 47,9% de prazas de aparcamento específicas ou reservadas para persoas con discapacidade. O 18,6% dos concellos ten transporte público adaptado e un 6,5% aplica outras medidas que facilitan o acceso á biblioteca.


O 64,9% dos concellos con servizo bibliotecario adecúanse ao estándar, mentres que un 34,6% obteñen puntuacións baixas no grao de adecuación.

Por provincias, son as de Lugo e Ourense as que contan cunha maior porcentaxe de concellos que se adecúan correctamente ao estándar no que respecta aos accesos adaptados, amosando porcentaxes moi similares.


Todos os servizos bibliotecarios situados en concellos con máis de 100.000 habitantes dispoñen de accesos adaptados, mentres que o grupo cun menor grao de adecuación é o dos concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes.

TRANSPORTE PÚBLICO ADAPTADO
40 CONCELLOS
18,6% DO TOTAL
ITINERARIOS PEONÍS
114 CONCELLOS
53,0% DO TOTAL
PRAZAS APARCAMENTO RESERVADAS
103 CONCELLOS
47,9% DO TOTAL
OUTRAS MEDIDAS
14 CONCELLOS
6,5% DO TOTAL


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCESOS ADAPTADOS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCESOS ADAPTADOS POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCESOS ADAPTADOS POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.9.2. Espazos accesibles

Para coñecer en que medida calquera persoa pode desenvolverse con autonomía nas bibliotecas públicas de Galicia, implementouse o estándar de espazos accesibles. Neste, establecense contornas específicas coas que deben contar os servizos bibliotecarios para que sexan lugares accesibles a toda a poboación.

Entre as medidas de accesibilidade más habituais integradas nas bibliotecas públicas de Galicia atópanse o acceso ao edificio a través de rampla ou cota 0, corredores libres de obstáculos, aseos adaptados, porta de entrada adaptada, ausencia de barreiras que impidan a deambulación e comunicacóns verticais accesibles como salva-escaleras, ascensor con boteira adaptada... Mentre que áinda faltan medidas por incorporar nalgúns servizos: sinalización tacto-visual adaptada para garantir a accesibilidade física, visual, auditiva e cognitiva e mobiliario adaptado.


En termos xerais, o 66,8% dos concellos con servizo bibliotecario adecúase ao estándar establecido, mentres que o 19,9% obtén puntuacións baixas ou moi baixas.

O comportamento por provincias e por tramos de poboación é moi similar, aínda que destaca positivamente o tramo de 200.001 a 50.000 habitantes.


COTA 0
178 CONCELLOS
82,8% DO TOTAL
PORTA DE ENTRADA ADAPTADA
139 CONCELLOS
64,7% DO TOTAL
SINALIZACIÓN TACTO-VISUAL
26 CONCELLOS
12,1% DO TOTAL
ASEOS ADAPTADOS
134 CONCELLOS
62,3% DO TOTAL

MOBILIARIO ADAPTADO
55 CONCELLOS
25,6% DO TOTAL
AUSENCIA BARREIRAS
133 CONCELLOS
61,9% DO TOTAL
CORREDORES SEN OBSTÁCULOS
157 CONCELLOS
73,0% DO TOTAL
COMUNICACIÓN VERTICAIS
114 CONCELLOS
53,0% DO TOTAL


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ESPAZOS ACCESIBLES



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ESPAZOS ACCESIBLES POR PROVINCIAS



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ESPAZOS ACCESIBLES POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.9.3. Equipamento accesible

O estándar de equipamento accesible ten como obxectivo coñecer en que medida calquera persoa pode desenvolverse con autonomía nas bibliotecas públicas de Galicia, fixando os recursos mínimos específicos cos que deben contar os servizos bibliotecarios para que sexan lugares accesibles a toda a poboación.

O equipamento accesible non é habitual nos servizos bibliotecarios galegos é un indicador con moito percorrido pendente para acadar a plena accesibilidade aos servizos.

O elemento do equipamento accesible máis habitual é o equipo informático con teclado e rato adaptados, 13,0% dos casos. Os demais equipamentos: pasa páxinas, recursos braille, teléfonos de texto, lupas televisión ou lupas electrónicas, monitores de gran tamaño, webcam para a lingua de signos e os lectores de pantalla teñen un impacto moi baixo nos concellos galegos con servizo bibliotecario, polo que a accesibilidade visual, auditiva e cognitiva non se garante en todos os casos.

O comportamento do estándar por provincias e por tramos de poboación é moi similar, aínda que destaca positivamente o tramo de más de 100.000 habitantes no que os concellos se adecúan nun 66,7% dos casos. No global de Galicia só se adecúa ao estándar o 8,6% dos concellos con servizo bibliotecario. O 82,9% obtén puntuacións baixas ou moi baixas.

EQ. INFORMÁTICOS ADAPTADOS

28 CONCELLOS

13,0% DO TOTAL

PASA PÁGINAS

2 CONCELLOS

0,9% DO TOTAL

RECURSOS BRAILLE

4 CONCELLOS

1,4% DO TOTAL

TELÉFONOS TEXTO

2 CONCELLOS

0,9% DO TOTAL

LUPAS ELECTRÓNICAS

4 CONCELLOS

1,9% DO TOTAL

MONITORES

5 CONCELLOS

2,3% DO TOTAL

WEBCAM

6 CONCELLOS


2,8% DO TOTAL

LECTORES PANTALLA


2 CONCELLOS

0,9% DO TOTAL


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: EQUIPAMENTO ACCESIBLE



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: EQUIPAMENTO ACCESIBLE POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: EQUIPAMENTO ACCESIBLE POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.9.4. Colección adaptada para persoas con discapacidade

O estándar de colección adaptada para persoas con discapacidade estableceuse para coñecer en que medida calquera persoa pode facer uso da colección con autonomía nas bibliotecas públicas de Galicia. Neste, defínense as tipoloxías de publicacións coas que deben contar as colección dos servizos bibliotecarios para que sexan accesibles a toda a poboación.

As colección adaptadas comezan a ser habituals nos servizos bibliotecarios galegos, aínda que tamén é un indicador con percorrido pendente para acadar a plena accesibilidade aos servizos.

As publicacións das coleccións adaptadas más habituals nos servizos bibliotecarios da rede son os libros de lectura fácil, presentes nun 45,5% dos casos, os libros de pictogramas (40,7%) e os audiolibros (33,1%). Tanto as obras en braille como as obras adaptadas á lingua de signos son aínda minoritarias.

O comportamento por provincias é desigual, sendo a de Ourense a provincia que presenta grao de adecuación a este estándar máis baixo (27,8%) mentres que as outras provincias presentan un nivel de axuste que rolda o 60%.

Por tramos de poboación destan positivamente os concellos de máis de 50.000 habitantes que cumpren o estándar fixado na totalidade dos casos. A nivel Galicia adecúanse ao estándar o 52,6% dos concellos con servizo bibliotecario.

LIBROS LECTURA FÁCIL

96 CONCELLOS
44,6% DO TOTAL

AUDIOLIBROS

70 CONCELLOS
31,9% DO TOTAL

LIBROS DE PICTOGRAMAS

87 CONCELLOS
40,3% DO TOTAL


OBRAS LINGUA DE SIGNOS

12 CONCELLOS
12,6% DO TOTAL


OBRAS EN BRAILLE

21 CONCELLOS
9,3% DO TOTAL


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: COLECCIÓN ADAPTADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: COLECCIÓN ADAPTADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: COLECCIÓN ADAPTADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE POR SEGMENTO POBOACIONAL




5.9.5. Accións de dinamización específicas para a atención á diversidade

Este estándar ten por finalidade coñecer en que medida se programan accións de dinamización específicas para persoas con diversidade nas bibliotecas públicas de Galicia. As accións de dinamización específicas para a atención á diversidade non son habituais nos servizos bibliotecarios galegos, é un indicador con moito percorrido pendente para acadar a adecuación ao estándar establecido.


Unicamente sete concellos (o 3,3 % do censo) manifestaron ter organizado clubs de lectura para persoas con discapacidade, mentres que 10 concellos (o 4,7%) levaron a cabo outro tipo de accións como contacontos inclusivos, contacontos en lingua de signos ou actividades específicas para persoas con diversidade funcional entre outras.

Estas cifras fan que o grao de adecuación a este estándar sexa o máis baixo de todos os analizados, con só un 7,1 % de adecuación en conxunto.


O comportamento por provincias é similar, o grao de axuste está entre o 7% e o 8% en todos os casos. Por tramos de poboación destacan positivamente os concellos de 50.001 a 100.000 habitantes que se adaptan ao estándar no 50% dos casos.



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.9.6. Persoal con formación específica para a atención ás persoas usuarias con discapacidade

Con este estándar trátase de coñecer a medida na que os servizos bibliotecarios públicos de Galicia coñecen a lingua de signos ou contan con persoal con formación específica para a atención ás persoas con discapacidade.

Este estándar fixouse como aplicable para aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes.


No conxunto do censo, adecúanse ao estándar o 64% dos concellos con servizo bibliotecario.

O comportamento por provincias é desigual, sendo as de Lugo e Ourense as provincias que presentan grao de adecuación axeitado a este estándar (83,3%) mentres que as outras provincias presentan un nivel de axuste máis baixo, A Coruña (63,6%) e Pontevedra (43,8%).


Por tramos de poboación destan positivamente os concellos de 100.000 habitantes que se adaptan ao estándar no 66,7% dos casos.

PERSOAL QUE COÑECE LINGUA DE SIGNOS 13 CONCELLOS 6,0% DO TOTAL	PERSOAL CON FORMACIÓN EN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 26 CONCELLOS 12,1% DO TOTAL
---	--


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS CON DISCAPACIDADE



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: PERSOAL CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS CON DISCAPACIDADE POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.10. ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN

As accións de dinamización son cada vez máis habituais nos servizos bibliotecarios públicos de Galicia, onde máis da metade dos concellos analizados acadan niveis de adecuación ao estándar altos. Pola contra, tamén hai que apuntar que este indicador aínda ten marxe para mellorar ata acadar a toda a poboación, xa que o 35% dos concellos con servizo bibliotecario público se atopa aínda en niveis de cumprimento baixos.

Segundo se desprende das respuestas do cuestionario específico para cargos municipais, as accións de dinamización que se levaron a cabo son de diversos tipos e o seu impacto por concello foi variable canto ao número de acción realizadas en cada un. De seguido preséntanse os datos dos concellos que organizaron actividades de dinamización segundo a súa tipoloxía.

O grao de adecuación a este estándar no conxunto dos concellos analizados é do 55,6%, o que amosa que aínda queda camiño por recorrer cara á súa consecución.

O comportamento por provincias é desigual, destaca a de Ourense por presentar o grao de axuste ao este estándar máis alto (72,2%), seguida de Lugo cun 59% e finalmente as provincias da Coruña e Pontevedra que presentan un grao de axuste que rolda o 50%.

Por tramos de poboación destacan positivamente os concellos de máis de 100.000 habitantes, que presentan un grao de axuste do 100% e os concellos de 50.001 a 100.000 habitantes, que se adaptan ao estándar no 75% dos casos. É de salientar que os concellos de menos de 2.000 habitantes presentan un grao de adecuación do 69%.

FOMENTO DA IGUALDADE

145 CONCELLOS

67,4% DO TOTAL

ENVELLECIMENTO ACTIVO

78 CONCELLOS

36,9% DO TOTAL

COLECTIVO LGTBI+

39 CONCELLOS

18,1% DO TOTAL


ATENCIÓN A MINORÍAS

151 CONCELLOS


70,2% DO TOTAL

PREVENCIÓN DO ILLAMENTO	ENCONTROS CON AUTORES
47 CONCELLOS	100 CONCELLOS
21,8% DO TOTAL	46,5% DO TOTAL
DIFUSIÓN DOUTRAS LINGUAS	OUTRAS ACTIVIDADES
47 CONCELLOS	86 CONCELLOS
21,8% DO TOTAL	40,0% DO TOTAL
MULTICULTURALIDADE	
45 CONCELLOS	
20,9% DO TOTAL	


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.11. EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS PARA GARANTIR A SUSTENTABILIDADE E O AFORRO ENERXÉTICO

Para coñecer o nivel de sustentabilidade dos servizos bibliotecarios públicos de Galicia, implementouse o estándar para o indicador de equipamentos e instalacións para garantir a sustentabilidade e o aforro enerxético. Neste, establecense contornas específicas de sustentabilidade mínimas coas que deben contar as instalacións dos servizos bibliotecarios.

O indicador está composto por cinco ítems: emprego de enerxías limpas, solucións construtivas favorecedoras do illamento térmico do edificio, solucións para o aforro de auga, solucións para reducir o uso de plásticos e outros materiais difíciles de reciclar e sistemas para depositar o lixo de xeito separado.

A través dos resultados do estudo deste indicador constátase que os poderes públicos prestan cada vez maior atención á sustentabilidade, contar instalacións sustentables vaise convertendo cada vez más nunha característica dos servizos bibliotecarios públicos de Galicia, onde o 64% dos concellos presentan niveis de adecuación ao estándar axeitados. Pola contra, tamén hai que apuntar que para acadar a toda a poboación aínda queda unha marxe ampla, xa que arredor do 35% dos concellos con servizo bibliotecario público atópase en niveis baixos de cumprimento do estándar.

O grao de implantación nos servizos bibliotecarios galegos de cada un dos ítems que componen o indicador é diferente segundo se amosa na táboa seguinte:


EMPREGO DE ENERXÍAS LIMPAS	REDUCIR USO PLÁSTICOS
56 CONCELLOS	69 CONCELLOS
26,0% DO TOTAL	32,0% DO TOTAL
ILLAMENTO TÉRMICO EDIFICIO	LIXO SEPARADO (RECICLAXE)
67 CONCELLOS	137 CONCELLOS
31,1% DO TOTAL	63,7% DO TOTAL
AFORRO DE AUGA	
27 CONCELLOS	
12,5% DO TOTAL	

No conxunto dos concellos analizados, o grao de adecuación a este estándar é do 64%.


O comportamento por provincias é desigual, destaca a de Ourense por presentar o grao de axuste a este estándar máis alto (80,6%), seguida das da Coruña e Lugo que roldan un (64%) e finalmente a provincia de Pontevedra que presenta un grao de axuste que rolda o 50%.

Por tramos de poboación destacan positivamente os concellos de menos de 2.000 habitantes que se adaptan ao estándar no 91% dos casos e os concellos de 50.001 a 100.000 habitantes que presentan o grao de adecuación máis baixo cun axuste de unicamente o 21%.


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SUSTENTABILIDADE



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SUSTENTABILIDADE POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: SUSTENTABILIDADE POR SEGMENTO POBOACIONAL




5.12. ORZAMENTO

Os orzamentos son os investimentos realizados para o funcionamento dun servizo, como é neste caso o das bibliotecas públicas. É por iso que se definiu un estándar que asegure que o investimento nas bibliotecas é suficiente para dotar e manter un servizo dimensionado e acorde coas características da poboación. O estándar reflíctese no investimento realizado por habitante, pois é un indicador de rendemento que mide a eficiencia do servizo.

A media de investimento en Galicia sitúase en 8,95 euros por habitante, amosando un lixeiro incremento nos últimos anos.

INVESTIMENTO POR HABITANTE EN GALICIA POR ANOS (EUROS)



En cambio, se temos en conta únicamente os concellos que forman parte do censo deste mapa, a ratio de investimento por habitante elévase ata 10,3 €.

Do investimento total realizado, 25,9 millóns de euros, a partida máis importante corresponde ao capítulo de persoal, con 17 millóns. O investimento en mellorar a colección bibliográfica e na realización de actividades de dinamización ascende a 1,7 e 1,3 millóns de euros, respectivamente.

En case o 70% dos concellos estudiados dáse un grao de investimento acorde co estándar, mentres que no 21,5% aínda queda un longo camiño por percorrer ata acadar uns niveis acordes co estándar fixado.

O comportamento do estándar por provincias é desigual, destaca a de Lugo por presentar un grao de axuste ao este estándar máis alto (74,4%), seguida de preto pola Coruña e Pontevedra en torno ao 72%, e finalmente a provincia de Ourense cuxos concellos que presentan un grao de axuste que se acerca ao 57%.

Por tramos de poboación destacan positivamente os concellos de máis de 50.000 habitantes, que se adecúan ao estándar en todos os casos. Os concellos que presentan un grao de axuste inferior son os de menos de 2.000 habitantes cun 55,3%. Nos tramos centrais non hai grandes diferenzas, con graos de axuste entre o 71 e o 76%.

INVESTIMENTO TOTAL

25.930.548 €

10,3 € POR HABITANTE

ADQUISICIÓN DE FONDOS

1.719.089 €


PERSOAL

17.093.691 €


ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

1.281.343 €


GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ORZAMENTO



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ORZAMENTO POR PROVINCIA



GRAO DE ADECUACIÓN AO ESTÁNDAR: ORZAMENTO POR SEGMENTO POBOACIONAL



5.13. RESULTADOS POR CONCELLO.

Nas fichas de diagnose (anexo VI) atópase a valoración individual, para cada un dos concellos analizados, do seu grao de adecuación aos estándares definidos neste documento.

En cada ficha detállanse os servizos bibliotecarios estudiados, a súa tipoloxía, e o grao de adecuación global que acada o concello en cada un dos indicadores establecidos.

Para cada indicador, así como para os ítems que o compoñen, se é o caso, recóllese o valor acadado polo concello e o estándar que lle é de aplicación en función do segmento poboacional no que se encadra e, finalmente, o grao de adecuación que obtén o concello no indicador³⁷.

Por último, inclúese un apartado de valoracións e propostas de mellora, no que se fai unha valoración global do servizo bibliotecario co que conta o municipio e as accións recomendadas para o futuro.

Para determinar o nivel de calidade global dos servizos estudouse o grao de adaptación aos estándares segundo os dez grandes bloques nos que se dividen os indicadores, diferenciando aqueles que se consideran esenciais pola súa relevancia na calidade do servizo: distribución do fondo, espazos, condicións de apertura, recursos humanos e accións de dinamización; e por outro lado, a facilidade de acceso, a accesibilidade para persoas con discapacidade, a sustentabilidade e o orzamento.

A continuación estableceronse os seguintes parámetros para determinar o nivel de calidade global:

- Excelente: acada un nivel de adecuación ALTO ou ADECUADO no 70% dos bloques de indicadores e en ningún deles o grao de adecuación é inferior a MEDIO.
- Alto: acada un nivel de adecuación ALTO ou ADECUADO no 60% dos bloques de indicadores, e ademais dáse algunha das seguintes condicións:
 - o acada un nivel ALTO ou ADECUADO en 4 dos indicadores esenciais, ou ben:
 - o ningún dos indicadores esenciais ten un valor inferior a MEDIO.
- Medio: acada un grao de adecuación igual ou superior a MEDIO no 50% dos grupos de indicadores
- Baixo: acada un nivel BAIXO ou MOI BAIXO no 50% dos grupos de indicadores.

Logo de describir o nivel xeral de calidade dos servizos bibliotecarios, inclúese a seguinte información:

Destaca: resumo dos indicadores nos que destaca o concello, aqueles nos que presenta un nivel de adecuación superior á media de Galicia en relación cos concellos do mesmo segmento poboacional.

Puntos de mellora: resumo de cada un dos ítems nos que os concellos presentan un nivel de adecuación inferior á media de Galicia en relación cos concellos do mesmo segmento poboacional. A través desta epígrafe preténdese indicar os puntos nos que deben mellorar os servizos para lograr un nivel de axuste aos estándares superior ao que amosan.

Para ter en conta: é un apartado que se inclúe en todas as fichas independentemente do nivel de calidade acadado polos concellos nos que se pretende facer unha chamada de atención para que as coleccións acaden e manteñan uns niveis de calidade altos.


³⁷ Ver estrutura da ficha no anexo V

5.14. OUTROS RESULTADOS DE INTERESE

Ademais do xa sinalado, dos cuestionarios dirixidos aos responsables dos servizos bibliotecarios obtívose información de interese respecto doutros aspectos que, polo seu carácter cualitativo, novidoso ou dificilmente estandarizable, non se recollerón nos apartados anteriores, pero non poden deixar de mencionarse, como a difusión do servizo bibliotecario, os recoñecementos obtidos ou a concepción das bibliotecas como espazos de socialización.

A **difusión do servizo bibliotecario** é importante para dar a coñecer a toda a poboación as prestacións que ofrecen, ademais de darse a coñecer como centro informativo, documental e cultural. A difusión potencia a dimensión social das bibliotecas como espazo de encontro. Polo que é primordial que as bibliotecas dispoñan de ferramentas coas que acercarse á poboación.

FERRAMENTAS DE DIFUSIÓN EMPREGADAS POLOS CONCELLOS CON SERVIZO BIBLIOTECARIO



Case o 80% dos concellos con servizo bibliotecario contan cun espazo dentro da web municipal, mentres que só un 20% ten a súa propia web. Obsérvase unha tendencia a que sexa más habitual a existencia de páxina web propia canto maior é o número de habitantes do concello.

Outra das ferramentas máis utilizadas polos concellos é o uso de boletíns, folletos ou carteis, seguido do emprego das redes sociais.

Menos habitual é a participación na prensa local. Dentro desta modalidade, o más común é que exista maior relación coa prensa escrita, e o menos frecuente, a aparición nos medios audiovisuais (TV).

Como é lóxico, a porcentaxe de concellos con servizo de biblioteca que contan con ferramentas de difusión é maior naqueles con más habitantes.

Os distintos tipos de **recoñecemento** que pode obter unha biblioteca distínguen entre as demais, o que ten efectos sociais moi importantes e impactan directamente sobre o coñecemento que a cidadanía ten dela. O 21,9% dos concellos con servizo bibliotecario recoñeceu con algún premio nos últimos cinco anos ás persoas usuarias, mentres que, en menor medida, o 14,9% dos concellos que dispoñen deste servizo obtiveron algúna distinción. Non se observa ningunha relación importante co número de habitantes do concello.

RECOÑECIMENTO DO SERVIZO BIBLIOTECARIO




Concibindo a biblioteca como cun centro de recursos para a aprendizaxe, o apoio á docencia e á investigación, sen esquecer que é un instrumento de preservación e difusor da memoria colectiva que garante o acceso á lectura, a biblioteca debe funcionar como un espazo de preservación e difusión da cultura, para aprender e crear e tamén como un espazo de lecer.

A metade (47,0%) dos concellos con servizo bibliotecario promoveron en 2019 proxectos encamiñados á difusión da obra literaria a través de encontros con autoras e autores. Menos habitual é que contan con proxectos encamiñados á preservación e dixitalización do fondo local ou dos fondos especiais.

O 40,9% dos concellos que dispoñen de servizo bibliotecario destinan espazos dedicados á experimentación, como talleres para a programación de actividades relacionadas co audiovisual, a tecnoloxía, a creación artística, a aprendizaxe en valores etc.

Co respecto ao ocio e a definición da biblioteca como un lugar para gozar, o 72,1% dos concellos con servizo de biblioteca dispoñen de espazos culturais abertos a toda a veciñanza no que, calquera pode acudir libremente; o 40,9% ten salas de descanso e lecer, o 33,5% contan con salas dedicadas ao visionado de cine e audiovisual, e, en menor medida, o 28,4% dispón de salas de xogos.

USOS DOS ESPAZOS DA BIBLIOTECA



6. OUTROS CONTIDOS DO MAPA

6.1. TIPOLOXÍA DAS BIBLIOTECAS ADSCRITAS Á REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Ademais da identificación e diagnóstico dos servizos bibliotecarios con base nos estándares que se fixen, compete tamén ao Mapa de bibliotecas de Galicia determinar, en función de criterios obxectivos, a tipoloxía á que se adscribe cada biblioteca da rede, tal como se establece no artigo 13.2 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Os tipos nos que poden clasificarse as bibliotecas son os recollidos nos artigos 13 e seguintes da Lei, que distingue entre:

- a) **Bibliotecas centrais territoriais**, que lle prestan servizos bibliotecarios integrais ao territorio no que están asentadas e coordinan e préstanolle servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.
- b) **Bibliotecas centrais municipais**, que coordinan as demais bibliotecas e os servizos bibliotecarios dixitais e móbiles do municipio, e están previstas para aqueles concellos que pola súa poboación (máis de 20.000 habitantes) deben prestar o servizo de biblioteca de xeito descentralizado.
- c) **Bibliotecas de proximidade**. Son as que prestan o servizo de lectura pública, de actividades de difusión sociocultural e de animación á lectura de xeito descentralizado, en coordinación cunha biblioteca central territorial ou cunha biblioteca central municipal. Este tipo de prestación do servizo é de obrigado cumprimento nos casos de concellos de máis de 20.000 habitantes, aínda que tamén se pode prestar en concellos de categoría poboacional inferior.
- d) **Bibliotecas locais**, que son as que non prestan o servizo de xeito descentralizado senón que o fan para toda a súa área poboacional (concello). Estas bibliotecas coordinaranse coa biblioteca central territorial que lle corresponda. A lei de bibliotecas de Galicia prevé este xeito de prestar o servizo para os concellos de máis de 2.000 habitantes.
- e) **Servizos bibliotecarios móbiles**, pensados para dar atención aos núcleos de menos de 2.000 habitantes, con dependencia da biblioteca central territorial ou da biblioteca central municipal máis próxima, e que teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

Do exame do censo de bibliotecas que forman parte da Rede de Bibliotecas de Galicia, poden extraerse as seguintes consideracións:

1. Tanto pola súa área de influencia como polos servizos que prestan, encádranse na tipoloxía de bibliotecas centrais territoriais sete bibliotecas,

unha por cada unha das grandes cidades de Galicia, é dicir: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo.

En cinco destas localidades (as capitais de provincia e más Santiago de Compostela) existe unha biblioteca de titularidade estatal xestionada pola Administración autonómica. Así mesmo, a Xunta de Galicia xestiona a principal biblioteca da cidade de Vigo; mentres que en Ferrol o servizo bibliotecario é de titularidade e xestión municipal.

2. No resto dos municipios de máis de 20.000 habitantes nos que existe unha rede de bibliotecas, con carácter xeral a cabeceira delas asígnase á categoría de biblioteca central municipal. Como excepción, nos concellos de Carballo e Ames non pode considerarse que ningunha das bibliotecas ocupe unha posición preeminente con respecto ás demais, polo que nestes concellos non se establece a tipoloxía de biblioteca central municipal.
3. As bibliotecas dos concellos que contan con varios servizos bibliotecarios, e que non ocupan a posición de biblioteca central (territorial ou municipal), adscríbense á categoría de bibliotecas de proximidade.
4. Onde non existen redes de bibliotecas, os servizos bibliotecarios fixos corresponden á tipoloxía de bibliotecas locais. Se ben a lei non prevé a existencia de servizo bibliotecario fixo nos concellos de menos de 2.000 habitantes, a realidade amosa que dispoñen del un total de 47 concellos con poboación inferior, que por coherencia, tamén deben clasificarse nesta categoría.
5. Na data de aprobación deste Mapa, non existe ningún servizo bibliotecario móvil integrado na Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

O detalle coa categorización de cada un dos servizos bibliotecarios estudiados pode consultarse nas fichas de diagnóstico (anexo VI)

6.2. HORARIO MÍNIMO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

De conformidade co artigo 23 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, un dos dereitos das persoas usuarias das bibliotecas públicas é o de ter un horario mínimo de prestación do servizo, que se determinará a través do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia para cada tipo de bibliotecas.

Unha primeira aproximación derívase do cumprimento do estándar correspondente ás condicións de apertura (horas de servizo semanais), recollido no apartado 4.4 deste documento. Pero é preciso ter en conta que o estándar refírese ao conxunto dos servizos bibliotecarios que deben prestarse nun termo municipal, non a cada biblioteca en particular, e, por outro lado, non atende ás diferentes tipoloxías.

Así pois, é preciso tomar en consideración tanto as diferentes tipoloxías de biblioteca como o tamaño do concello no que se sitúan, dado que a intensidade e amplitude do servizo debe ser maior canto maior sexa a poboación que debe

atender. Deste xeito, establecense os seguintes horarios mínimos de prestación do servizo bibliotecario:

HORARIO MÍNIMO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO (HORAS SEMANAIS)

	Ata 2.000 habitantes	De 2.001 a 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 20.000	De 20.001 a 50.000	De 50.001 a 100.000	Máis de 100.001
B. central territorial	-	-	-	-	-	55	55
B. central municipal	20	20	30	30	35	55	55
B. de proximidade	15	15	15	15	20	20	20
B. local	20	25	30	35	55	90	125
S. B. móvil	15	15	15	15	15	15	15
Estándar	20	25	30	35	55	90	125

Debe aclararse que os horarios indicados refírense ao horario habitual ou de inverno. Non se consideran períodos de horario reducido como os meses estivais ou outros supostos excepcionais.

Hai que lembrar que para os municipios de ata 20.000 habitantes non é obligatorio prestar o servizo de forma descentralizada, áinda que poden facelo. Nestes casos, o conxunto dos servizos do concello debe ofrecer un servizo suficiente para cumplir o estándar, e o horario da biblioteca central municipal debería ser igual ou superior ao que tería se se tratase dun equipamento único (biblioteca local).

Aqueles concellos que, a pesar de prestar servizo en rede non contan cunha biblioteca central, deberían garantir polo menos nun dos equipamentos un horario igual ou superior ao dunha biblioteca central municipal.

Nos concellos de máis de 50.000 habitantes, o conxunto dos servizos bibliotecarios debe garantir un horario que se adecúe ao estándar, ben incrementando o horario de cada un dos equipamentos por riba do mínimo establecido para a súa tipoloxía, ben aumentando o número de servizos.

Finalmente, se ben os servizos bibliotecarios móbiles só están previstos para atender os núcleos nos que non existe equipamento fixo, son un recurso útil para achegar os servizos culturais a aquelas áreas xeográficas ou colectivos poboacionais cujas necesidades non poden ser satisfeitas coas bibliotecas estables, polo que se contempla un horario mínimo de servizo para todos os tramos de poboación.

7. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Á vista dos resultados obtidos trala comparación dos datos obtidos acerca dos servizos bibliotecarios galegos e os estándares aplicables, pódense extraer algunas consideracións de alcance global, que complementan as propostas e recomendacións indicadas nas fichas de diagnóstico para cada concello en particular. A modo de síntese as conclusións e propostas poden resumirse nos once puntos seguintes:

1. Equipamentos. A extensión dos servizos bibliotecarios ao longo do territorio galego é moi ampla, e supera e moitos casos os mínimos fixados pola normativa vixente. Porén, é preciso completar a malla poñendo en marcha novos equipamentos naqueles concellos que na actualidade non contan con este servizo. A dispersión territorial, a escasa entidade da poboación ou as limitacións orzamentarias son circunstancias que sen dúbida dificultan a implantación de novos servizos, polo que cómpre arbitrar medidas compensatorias que palíen este déficit. Cando as características do territorio así o aconsellen, o servizo pode prestarse a través de bibliotecas móbiles, mesmo a través de mecanismos de cooperación entre concellos ou por parte de entidades supramunicipais.

Por outro lado, naqueles concellos maiores de 20.000 habitantes que só contan cun equipamento bibliotecario, as administracións competentes deberían marcarse como obxectivo a medio prazo a descentralización do servizo a través de novos centros que traballen en rede, co fin de facilitar o seu uso a toda a poboación do municipio independentemente da localidade de residencia.

2. Persoal. A dotación de persoal nas bibliotecas públicas é en xeral adecuada ou alta, cunha significativa presenza de persoal técnico. Co fin de aproveitar todo o posible as potencialidades dos recursos humanos, cómpre intensificar os esforzos na súa formación continua. A participación en actividades formativas non só posibilita que manteñan actualizados os coñecementos necesarios, senón que tamén é unha ferramenta útil para a cooperación entre profesionais, unha vía para o crecemento persoal e profesional e unha fórmula para a motivación laboral, aspectos todos eles que redundan nun mellor desempeño profesional e, por ende, nun mellor servizo á cidadanía.

Ademais, as administracións competentes deben seguir traballando na profesionalización do sector, establecendo procedementos de selección de persoal nos que se teñan en conta as características específicas dos postos que van ser cubertos.

3. Colección. En termos xerais, a dimensión das coleccións é adecuada ou alta respecto do sinalado nos estándares, apreciándose un notable incremento con respecto ao anterior mapa. Non obstante, tal como se recolle nas fichas de diagnose, é preciso ir máis alá da dimensión cuantitativa e garantir unha colección de calidade, o que require unha atención constante ao índice de rotación e á necesidade de renovación e/ou expurgo. Por iso cómpre abordar estudos

cualitativos sobre a calidade das coleccións que permitan consolidar o nivel de prestación asegurando unha colección non só suficiente, senón tamén adecuada.

Ao mesmo tempo, e como complemento do anterior, é preciso traballar na mellora e depuración das referencias na catalogación e das autoridades do catálogo único da Rede, para que constitúa un reflexo axeitado da realidade das coleccións e resulte verdadeiramente útil á cidadanía.

Por outro lado, é preciso seguir traballando na mellora das coleccións en galego. Certamente, o estándar fixado neste ítem (30%) constitúe un reto no curto prazo de tempo, tendo en conta que a producción editorial en galego supón unha pequena parte de todo o mercado editorial en España. Porén, aínda co convencemento de que se trata dun obxectivo ambicioso, cómpre seguir facendo esforzos para que esta meta chegue a ser realidade, mantendo as medidas de apoio á producción de libro en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego.

4. Atención á diversidade. Nin a mellora das instalacións e dos equipamentos, nin o incremento das coleccións, nin o reforzo dos cadros de persoal das bibliotecas serán suficientes para asegurar o seu papel como garantes do acceso universal á cultura, se estas medidas non se adoptan desde unha perspectiva integradora, tendo en conta na súa planificación, execución e desenvolvemento as necesidades e peculiaridades de persoas e grupos sociais diversos. Débese asegurar que tanto as persoas con algúnsa discapacidade como as pertencentes a grupos minoritarios ou desfavorecidos, especialmente aquelas que o están por motivos culturais, teñen a posibilidade real de atopar nas bibliotecas un espazo accesible, amable, aberto e facilitador para a súa realización persoal e integración social.

Por iso é necesario realizar avaliacións profesionais da accesibilidade das instalacións e equipamentos, que permitan propoñer e levar a cabo as adaptacións necesarias para garantir a súa para as persoas con discapacidade, sexa física, sensorial ou psíquica.

Tamén é preciso valorar e incrementar os fondos accesibles para as persoas con discapacidade ou con dificultades para a lectura, así como diversificar a colección co fin de que resulte útil e atraente para persoas procedentes de grupos culturais diversos ou con dificultades de integración social.

Finalmente, resulta imprescindible contar cun cadro de persoal capacitado para dar resposta ás necesidades da cidadanía, reforzando a formación na atención á discapacidade e á diversidade.

5. Sustentabilidade. Non é posible hoxe en día valorar como adecuado un equipamento ou servizo público sen ter en conta o seu impacto no ambiente e a súa contribución á sustentabilidade global. Partindo do recoñecemento de que a actividade das bibliotecas ten por natureza un impacto baixo, comparado con outras actividades humanas, non é menos certo que algunas medidas e procedementos poden marcar diferenzas entre uns centros e outros no que respecta á pegada que deixan no planeta. O emprego de enerxías limpas, o uso

de materiais reutilizables ou o tratamento adecuado dos residuos deben terse en conta á hora de adoptar decisións en canto ao funcionamento das bibliotecas.

6. Dinamización. A biblioteca aberta. As actividades de dinamización son un dos piares básicos do funcionamento das bibliotecas. Máis alá de promover a lectura, son fundamentais para impulsar o papel das bibliotecas como puntos de encontro cultural e facer delas un espazo participativo e dinámico, imbricado na vida social e cultural das poboacións nas que se atopan, a través da colaboración activa co tecido cívico e cultural. Á vista dos resultados recollidos neste mapa, apréciase a necesidade de seguir traballando na programación dun conxunto diverso de actividades, que fomenten a participación cidadá e fagan das bibliotecas un "terceiro lugar" (como diferenciado do fogar e o lugar de traballo) no que as persoas acceden á información, divírtense, comparten experiencias, aprenden e interactúan; en definitiva, un espazo no que se constrúen e fortalecen as comunidades.

7. Dixitalización. Sen dúbida a adaptación á contorna dixital supuxo un dos desafíos más importantes dos últimos tempos para as bibliotecas, tanto pola relevancia dos cambios experimentados como pola súa rapidísima evolución. A aparición do libro dixital, a xeneralización do uso de dispositivos electrónicos, a necesidade de ter presenza na contorna dixital ou o xurdimento de novas formas de entretemento, aprendizaxe e relación social, requiren dunha continua adaptación e innovación para que as bibliotecas non queden fóra da realidade, sen perder polo camiño a súa esencia e natureza.

Por outro lado, a universalización do feito dixital non pode ocultar que determinados sectores da poboación poden ver limitados os seus dereitos cidadáns por non ter a capacidade ou os medios para acceder aos servizos electrónicos; ademais, o uso masivo de contidos e dispositivos dixitais, mesmo desde a primeira idade, non garante a protección contra a desinformación.

Por iso, sen descoidar a necesidade de actualización das instalacións e equipamentos para dar resposta ás necesidades de conectividade dos usuarios, algúns dos desafíos sociais nos que as bibliotecas poden xogar un papel primordial son a loita contra a fenda dixital e a alfabetización nesta contorna.

8. Preservación do patrimonio bibliográfico. As bibliotecas cumpren un importantísimo papel na conservación e preservación do patrimonio cultural, singularmente do bibliográfico. É preciso facer un esforzo para avanzar na análise e catalogación do fondo antigo, procedente de coleccións particulares ou doutras institucións, para poder coñecelo, difundilo e preservalo, a través das oportunas medidas de conservación e dixitalización.

9. Calidade dos datos estatísticos. Na base de calquera instrumento de planificación debe estar un bo diagnóstico da realidade, que é o obxectivo fundamental deste mapa. Á súa vez, o diagnóstico só é posible e será útil se parte de datos de calidade, isto é, precisos, confiables, íntegros e consistentes, ademais de pertinentes ao obxecto de estudio.

Todas as persoas e entidades titulares de bibliotecas que forman parte do Sistema Galego de Bibliotecas teñen a obriga de facilitarlle á consellería competente os datos precisos para a elaboración de estatísticas e de difusión, e, no caso daquelas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a súa avaliación.

Para que instrumentos como este poidan seguir sendo unha realidade e poidan mellorar en sucesivas edicións, é necesario afianzar o compromiso de todas as bibliotecas da rede na recollida de datos, asegurando que a información que se proporciona é veraz e completa. Este compromiso require á súa vez da consellería competente que facilite e depure o proceso de recollida de información de xeito que se simplifique o traballo, se depuren incongruencias e se axilice a difusión de resultados.

10. Orzamento. Calquera servizo require do orzamento necesario para o seu funcionamiento e para poder dar resposta ás necesidades de mellora. Todas as administracións competentes deben asumir o seu compromiso coa cultura a través da dotación orzamentaria dos servizos bibliotecarios e o fomento das accións que revirtan na boa calidade destes. Desde a posta en marcha de novos equipamentos ata a diversificación de contidos e actividades, pasando por cada un dos puntos xa mencionados, requiren manter a atención constante e o esforzo preciso para levalos a cabo.

11. Planificación. O Mapa de bibliotecas de Galicia serve para poñer de manifesto as fortalezas e carencias dos servizos bibliotecarios da rede e, en consecuencia, reviste unha especial utilidade para fixar prioridades e obxectivos de cara ao futuro. Cómpre agora que tanto as entidades responsables dos servizos bibliotecarios como o órgano de dirección e coordinación da rede teñan en conta estes contidos á hora de levar a cabo a súa planificación estratéxica, sexa específica para o ámbito das bibliotecas, ou incardinada nunha estratexia máis ampla referida á lectura ou á actividade cultural, na que necesariamente as bibliotecas deben ter un espazo principal.

Como conclusión final, só cabe engadir que o II Mapa de bibliotecas de Galicia foi elaborado baixo a premisa de que debe ser un instrumento adecuado á realidade galega. A súa propia natureza fai que a súa vixencia sexa necesariamente limitada, polo que deberá ser actualizado periodicamente á vista dos novos datos que reflectan a situación do momento, pero tamén das novas necesidades e realidades sociais e culturais, que requirirán da revisión dos estándares aplicables. A Lei de bibliotecas de Galicia prevé que esta revisión teña lugar cada catro anos.

8. BIBLIOGRAFÍA

Documentación de referencia

Manifesto da Unesco sobre bibliotecas públicas (1994)

Resolución do Parlamento Europeo do 23 de outubro de 1998

Pautas do Consello de Europa sobre lexislación e política bibliotecaria (2000)

Diretrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas (2001)

IFLA/UNESCO Anual Report 2014

Manifiesto de Oeiras. Plan de trabajo de PULMAN para e-Europe (2003).

Mapa de Lectura Pública da Región de Murcia (2006)

Mapa de lectura pública do País Vasco (2007)

Mapa da Lectura Pública de Cataluña (2014)

Mapa de Bibliotecas de Galicia (2016)

Mapa de bibliotecas de Castilla-La Mancha (2019)

Estatística Anual de Bibliotecas Públicas

Las Bibliotecas Españolas en cifras

Pautas para establecer colecciones en una Biblioteca Pública (2010)

Normativa

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español

Real Decreto 582/1989, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Bibliotecas Públicas do estado e do Sistema Español de Bibliotecas

Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas

Real Decreto 1572/2007, do 30 de novembro, polo que se regulan os órganos de coordinación das bibliotecas da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos

Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas (Galicia)

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia

Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia

Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas,

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

Orde do 11 de xuño de 2007 pola que se regula o recoñecemento de biblioteca de especial interese para Galicia

Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia

Decreto 190/2013, do 19 de decembro, polo que se regula o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia

Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

9. ANEXOS

ANEXO I

Contido da ficha informativa coa comparativa de datos da *Estatística anual de Bibliotecas Públicas de Galicia* de 2015 e 2019

ANEXO II

Contido do cuestionario en liña dirixido a cargos públicos municipais referido aos equipamentos bibliotecarios cos que contan os concellos

ANEXO III

Contido da enquisa en liña de opinión ao persoal bibliotecario sobre o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia 2016

ANEXO IV

Fichas informativas individualizadas

ANEXO V

Contido da ficha: diagnose dos servizos bibliotecarios

ANEXO VI

Fichas de diagnose



XUNTA
DE GALICIA